

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 13

SESION ORDINARIA DO 10 DE SETEMBRO DE 2012

ASISTENTES

POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Díaz Vázquez, Raquel
Fernández Pérez, José Manuel
Lago Rey, M^a Jesús
López Font, Carlos
Regades Fernández, David
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos H.
Rodríguez Escudero, Cayetano

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier
Domínguez Olveira, Santiago
Velo Ríos, Iolanda M^a

POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR

Alonso Alonso, Alexia María
Álvarez Pérez, José Luís
Araújo Pereira, Marcos
Beiro Diz, Pablo
Bernárdez de Dios, Antonio
Cendón Alonso, M^a Teresa
Egerique Mosquera, Teresa
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José M.
García Míguez, M^a Angeles
Iglesias Bueno, Marta
Pérez Dávila, Alejandro
Relova Quinteiro, Roberto F.

NON ASISTE:

Silva Rego, M^a Carmen

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e nove minutos do día dez de setembro do ano dous mil doce, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Alonso, Alonso Pérez, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, López Font, Pérez Dávila, Regades Fernández, Relova Quinteiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e Velo Ríos,

actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA CORRESPONDENTE AO MES DE AGOSTO conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está ausente a concelleira Sra. Silva Rego. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Luis García Álvarez.

A PRESIDENCIA: Bos días, señores e señoras concelleiros. Iniciamos o Pleno do Concello en sesión ordinaria para o día de hoxe ás nove horas, convocada por orde do día do 6 de setembro que obra en poder dos señores e señoras concelleiros e concelleiras. Ábrese sesión pública e constátase quórum.

PARTE RESOLUTIVA

1.-(148).- ACTAS ANTERIORES. (S. EXTR. 13.07.12 E ORD. 30.07.12)

(Está ausente a concelleira do Grupo Socialista Sra. Silva Rego).

Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, apróbanse as actas do Pleno da Corporación correspondentes ás sesións extraordinaria do día 13 de xullo e ordinaria do 30 de xullo de 2012.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: Cuestión de orde. Con referencia ao punto 4.2 das mocións que traemos hoxe para debate, o Regulamento do Pleno que aprobamos os tres grupos políticos di que ao longo do ano non se pode debater dúas veces a mesma moción.

Esta moción debateuse hai escasamente dous meses e por iso pedimos que se retire.

A PRESIDENCIA: É certo que o Regulamento di iso e tamén é certo que esta moción

se debateu hai dous meses e polo tanto se está a repetir, pero dado que hai unha moción relacionada con taxas proposta polo Grupo Socialista no punto 5.2, proporei, se ao Grupo Popular lle parece ben, que se debatan as dúas conxuntamente e se voten de xeito separado.

SR. FIGUEROA VILA: Son cuestións totalmente distintas. Se hai que repasar todas as mocións que se debateron dúas ou máis veces... para algo serve a Xunta de Voceiros. De non servir para nada, igual que no anterior mandato non acudimos nos últimos anos, ao mellor hai que empezar a non acudir tampouco á Xunta de Voceiros.

A Xunta de Voceiros está para estes temas.

A PRESIDENCIA: Acudir ou non á Xunta de Voceiros, Sr. Figueroa, é unha decisión que lle compete a vostede e que é libre de tomar cando o desexe.

O certo é que si é unha repetición e polo tanto segundo o Regulamento sería nula, pero dado que está na orde do día manterémola.

Coido que se deberían xuntar pero, como o Partido Popular da mostra dunha relativa incapacidade de adaptarse a un xeito de cumprir o Regulamento, manterémola no punto no que está.

.- (149).- INTERVENCIÓN ANTE O PLENO DO REPRESENTANTE DA PLATAFORMA DE AFECTADOS POR PREFERENTES E SUBORDINADAS VIGO-VAL MIÑOR EN RELACIÓN COA SÚA SITUACIÓN. EXPTE. 513/1101.

ANTECEDENTES.- Con data de entrada no Rexistro do Pleno do 9 de agosto, número 513/1101, don José Manuel Estévez Rodríguez, no nome da Plataforma de afectados por preferentes e subordinadas Vigo-Valmiñor”, solicita intervir perante o Pleno da Corporación para ler o seguinte escrito:

“ANTECEDENTES:

PUNTO 1º.- Mocións presentadas no Pleno do 26 de marzo de 2012 polos Grupos

Municipais do BNG, PSOE e PP (Expte. 418/1101, Expte. 434/01101, Expte. 435/1101)

PUNTO 2º.- Moción do Grupo Municipal Socialista instando á Xunta solicite á Novagalicia Banco se achande perante a demanda interposta pola Fiscalía Superior de Galicia en relación coas Participacións Preferentes. Expte. 501/1101 (sesión ordinaria 30 xullo 2012)

PUNTO 1º.

No Pleno do 26 de marzo de 2012, por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACORDOUSE.

Primeiro.- INSTAR á Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado a que adopten medidas efectivas de protección dos clientes de entidades financeiras que investiron os seus aforros en instrumentos financeiros opacos, sen que por parte das entidades fosen informados debidamente dos riscos do produto e sen que se cumprisen as demais obrigas establecidas na normativa, co fin de que poidan recuperar os seus aforros no prazo de tempo máis breve posible.

Segundo.- INSTAR ao Banco de España e á Comisión Nacional do Mercado de Valores ao obxecto de que promovan unha solución para a recuperación do investimento realizado polos subscritores de participacións preferentes, cotas participativas, débeda subordinada e outros produtos financeiros.

Terceiro.- DEMANDAR das autoridades competentes o cumprimento estrito da normativa MIFID (Directiva sobre mercados e instrumentos financeiros) na comercialización no tramo minorista de produtos financeiros

Cuarto.- INSTAR á entidade financeira Novagalicia Banco a promover unha solución aos subscritores preferentes ou de calquera outro produto de risco que desexen recuperar as cantidades investidas nestes produtos permitindo aos afectados a recuperación íntegra do investimento realizado.

Quinto.- ESIXIR a depuración de responsabilidades aos executivos e directivos das entidades financeiras que impulsaron e cometeron o fraude masivo aos pequenos aforradores.

Respecto ao punto primeiro dos acordos tomados, debo dicir que hai un erro de interpretación, non é que non informaran debidamente dos riscos vulnerando o código xeral de conduta dos mercados o cal di, información clara, precisa, correcta e suficiente, e que o fan mediante un delito de estafa. Segundo o art. 248 do código penal; cometen estafa os que con ánimo de lucro utilicen engano bastante, como para producir erro noutro, inducindo a realizar un acto de disposición en prexuízo propio ou alleo. Esa mesma expresión "estafa" é a que usan vostedes en diversas frases ao longo do documento recollido do Pleno de 26 de marzo de 2012 para definir a situación na que nos atopamos, estafados.

No punto segundo, instan ao Banco de España e a CNMV, para que promovan unha solución. Paréceme errado tamén. Quen manda no Banco de España, e na Comisión Nacional de Mercados de Valores senón o propio goberno? Quen nomea ao gobernador Luis María Linde, ou a Fernández Ordoñez? Quen manda en Julio Segura Sánchez? O Congreso dos Deputados quizais? Que solución van promover se nin sequera fixeron o seu traballo de ordenar e vixiar o cumprimento das normas relativas ao sistema bancario e ao mercado de valores. Non señorías, a quen teñen que instar que promovan unha solución, en calquera caso sería ao Senado e ao Congreso, e en calquera caso esixir a dimisión dos responsables do Banco de España e da CNMV pola súa incompetencia, suxerindo ademais unha investigación deses responsables ante a Fiscalía Anticorrupción, non descartando ningunha acción xudicial.

No punto terceiro mais do mesmo; demandar das autoridades competentes o cumprimento escrito da Normativa MIFID, para o tramo minorista. O cumprimento non é cousa das autoridades, é cousa da entidade NGB. As autoridades deberían vixiar ese cumprimento, que non é tal, pois o propio MIFID que realiza a entidade e non os clientes, non é mais que unha burla, ou es universitario ou es outros, e dentro deses outros entramos todos nós, os aforradores. Non é como din vostedes para o tramo minorista, é para todos os clientes dende o 19 de decembre de 2007. Que dicir que os text MIFID, veñan cubertos da impresora mecanicamente? O dito, unha estafa.

No punto cuarto instan a NGB a promover unha solución. Non señorías, non, hai que instar ao FROB dono do 93% da entidade dende o 30 de setembro de 2011, ao Sr. De Guindos, ministro de economía, que presuntamente levou o engano a Europa dicindo que somos investidores. A ese señor é a quen hai que instar, e pedirlle que se vaia, que non axude máis a afundir este país. De afundir por desgraza sabe dabondo, con ver a súa vida laboral dáse un de conta. Pero que non se vaia sen antes amosar toda a documentación que foi remitida por el ou o seu ministerio a Europa para saber porqué o BCE nos acusa de investidores e pretende obrigarnos a sufrir unha quita como tales accionistas.

Punto quinto: Esixir e depurar responsabilidades. Ben feito, pero deben comezar polos responsables máximos daquel tempo, D. Julio Fernández Gayoso, D. José Luis Pego, D. Javier García de Paredes, D. Gregorio Girriarán, D. Óscar Rodríguez Estrada, D. José Luis Méndez, etc. Pero non polo SMAC, demanda polo Xulgado do socia. Non, se alguén rouba, aínda que sexa con luvas bancas ten que pagar por iso.

O triste de todo isto, non é que non saiban argallar unha estratexia polo descoñecemento no relativo a asuntos bancarios, o triste é que abren un debate, pelexando entre vostedes centrado non en ver como poden axudar e buscar solucións, senón como poden rabuñarse entre si.

- Pelexan por ser os primeiros en presentar a moción,
- Uns din que se orixinou fundamentalmente nos anos 2008/09/10/11, para culpar aos outros, na súa ignorancia que xa no 2002 se comercializaron emisións deses produtos tóxicos, e dende esa data cada un dos anos seguintes

- ata o 2011 incluído. Iso, omitindo a emisión de 1988.
- Outros din que querían facer unha verdadeira lei de caixas, xa non recordan que o seu voto foi decisivo para que o Sr Feijóo, confundindo termos e querendo ser recordado como o home que fusionou o banco galego, o que fixo foi afundilo. Como consecuencia Caixa Nova, a nosa caixa, a da Provincia de Pontevedra que non estaba tan mal, padece os males do ego, dun pobre con delirios de grandeza ao que o mundo venlle grande de máis.
 - Acusan ao Sr. Feijóo de non ser quen de reclamar nestes tres anos, que ía reclamar no 2010 ou 2011 se isto destapouse en grande escala no inicio de 2012 ou fins do 2011?
 - Recibimos aos afectados e axudámoslos din outros, mesmo abrimos unha OMIC e asesorámoslos. Xa, e damos por ben rematado o traballo.
 - Xa non recordan vostedes que os tres partidos tiñan representación no consello de administración da entidade? Que foi deses representantes do pobo? Nada teñen que dicir? Cales eran as súas funcións?

En fin, que mentres o río está revoltado e loitan entre vostedes polas medallas, a ganancia e para os pescadores do NGB. Vergonza debería darlles, antepoñer as súas siglas aos veciños de Vigo, de Galicia, as súas ideas políticas aos dereitos humanos, a súa saúde, as súas necesidades.

Nós non imos entrar nese xogo, nós temos que recuperar o que é noso, o que nos roubaron, coa súa axuda ou sen ela.

Imos acudir a Europa, por diversas comisións europeas, imos presentar denuncias, ímolos explicar, defender, esixir claridade, que abran investigacións. Puxémonos en contacto cos seus representantes, BNG, PSOE e PP. Polo de agora obtivemos unha resposta en Vigo, outra en A Coruña, pero queremos deixar claro que nós non entendemos de cores, no relativo aos aforros, nisto todos somos un, Vigo e A Coruña son irmás, pelexan e defenden o mesmo, dan exemplo, o resto de plataformas tamén o fan. Nós non discriminamos a ningún grupo, se eles non queren que non axuden, pero logo que non escusen as súas accións alegando que non lle pedimos axuda ou que os ignoramos. Quede claro que son eles mesmos quen se exclúen.

Noutra vía de actuacións, solicitamos dos tres grupos que soliciten unha xuntanza de xeito urxente cos seguintes:

- Fiscal xefe de Vigo D. Juan Carlos Horro González
- Fiscal xefe de Pontevedra D. Juan Carlos Aladro Fernández
- TTE Fiscal D. José Ramón Pinol Rodríguez
- Fiscal Xefe da CA, D. Carlos Varela García

O motivo desta solicitude de reunión na que ademais estarán representados os afectados é tratar o feito da estafa que estamos a sufrir, estafa á que vostedes fan mención e recoñecen reiteradas veces ao longo deste Pleno, estafa que puidera ser no conxunto de evidencias de accións e omisións que tan ben redactou o Sr. Aladro, no informe que enviou ao seu superior o 12 de marzo do presente ano, no que ademais adxunta contratos que puideran algúns deles ser constitutivos de delito en

si mesmos por falsidade documental ao ter presuntas sinaturas falsas. O fin da mesma: Chegar a un consenso e instar ao a Ministerio Fiscal que actúe de oficio pola vía penal, abrindo as dilixencias informativas que considere oportunas e sendo nós os afectados, testemuñas, contra o banco, contra esas persoas que se prexubilaron con grandes cantidades de cartos, contra os directivos das sucursais, e contra os vendedores, que sacaron dalgún xeito proveito de vender baixo engano preferentes e subordinadas. Quizais para ter a seguridade de que o Ministerio Fiscal é totalmente autónomo, deberían tratar de levar a onde proceda a proposta non de lei de desvincular este Ministerio de estar subordinado a outros órganos dentro dos poderes a cuxo mando está o goberno de quenda.

En relación a estes acordos a PLATAFORMA DE AFECTADOS PARTICIPACIÓNS PREFERENTES E SUBORDINADAS VIGO VALMIÑOR quere consultar:

1. Que medidas concretas se puxeron en marcha para conseguir o expresado nos cinco puntos dos acordos acadados no Pleno do 26 de marzo, polos tres Grupos Municipais?
2. Fíxose SEGUIMIENTO desas medidas? En que fase se atopa?
3. Como Valoran os tres Grupos Municipais os RESULTADOS acadados porque:

- Unicamente un número mínimo de aforradores está conseguindo a devolución do diñeiro con descontos pola diferenza de intereses (outro roubo encuberto e permitido pola Xunta), xa sea pola vía da arbitrase ou por ter ganado algunha das demandas civís presentadas. Pero que vai pasar coa maioría dos pequenos aforradores e o seu diñeiro? Que pensan facer vostedes ao respecto para ser consecuentes co acordado por todos vostedes nos puntos segundo e cuarto?

- A día de hoxe os responsables deste fraude masivo seguen estando nunha especie de limbo. Que autoridade pode poñer fin a este abuso e poñer orde para solucionalo dunha vez por todas? Se a identifican, que van facer para que actúe con eficacia e operatividade? E buscando responsables, por que os causantes da burbulla inmobiliaria, vinculada a este agravio, están libres, mesmo realizando novas actividades e se quere cargar o Rescate sobre os pequenos aforradores? Que pensan vostedes facer ao respecto?

- QUE VAN FACER, EN CONCRETO, PARA MELLORAR OS RESULTADOS DAS ACCIÓNS DERIVADAS DOS SEUS ACORDOS NO PLENO DO 26 DE MARZO?

4. Que pasa coas 15 entidades bancarias tamén implicadas en Galicia nesta estafa colectiva?

PUNTO 2º.

En referencia a: Moción do Grupo Municipal Socialista instando á Xunta solicite á Novagalicia Banco se achande perante a demanda interposta pola Fiscalía Superior de Galicia en relación coas Participacións Preferentes Expte. 501/1101 (sesión ordinaria 30 xullo 2012).

Por unanimidade dos 26 membros da Corporación Municipal, dos 27 que a constitúen, acordouse aprobar a emenda presentado polo voceiro do Grupo Municipal do BNG.

Primeiro: O Pleno Municipal do Concello de Vigo insta á Xunta de Galicia para que se dirixa á entidade financeira NOVAGALICIA BANCO, a efectos de que se achande a demanda xudicial interposta pola Fiscalía Superior de Galicia en defensa dos intereses de milleiros de galegos e galegas que, non tendo a condición de inversores financeiros, foron enganados, non informados axeitadamente ou non se lles advertiu dos riscos que supuña a contratación de Participacións Preferentes, permitindo deste xeito obter unha sentenza xudicial vinculante no ordenamento xurídico español e comunitario que obrigue á devolución dos aforros aos afectados defraudados.

Segundo: O Pleno municipal do Concello de Vigo insta á Xunta de Galicia para que se dirixa á entidade financeira Novagalicia Banco aos efectos de que se lle devolvan integramente os cartos aos/as aforradores/as que foron estafados pola contratación de participacións preferentes

En relación a estes acordos a PLATAFORMA DE AFECTADOS PARTICIPACIÓNS PREFERENTES E SUBORDINADAS VIGO VALMIÑOR quere consultar:

- Que SEGUIMIENTO se ten feito do tema? En que fase se atopa?

Como valoran os tres grupos municipais os RESULTADOS acadados? porque a día de hoxe nada se sabe de sentenza xudicial ningunha nin de devolución íntegra do diñeiro a todos/as os/as aforradores/as."

O Sr. Estévez Rodríguez procede a ler o anterior escrito perante o Pleno da Corporación quedando pendente de lectura o PUNTO 2º por falta de tempo. Copia do citado escrito pasóuselle aos voceiros dos tres grupos municipais con oficio da Secretaría Xeral do Pleno de data 11 de setembro.

2.- DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.

2.1.-(150).- DECLARACIÓN ASINADA POLOS TRES GRUPOS MUNICIPAIS EN RELACIÓN COA SITUACIÓN DOS TRABALLADORES DE GRAFINSA E GRAYTO.

ANTECEDENTES.- De conformidade co acordado na Xunta de Voceiros que tivo lugar

o día 3 setembro de 2012, os voceiros dos grupos municipais Sres. Figueroa Vila polo Grupo Popular, López Font polo Grupo do PSdeG-PSOE, e Domínguez Olveira polo grupo do Bloque Nacionalista Galego, elevan ao Pleno da Corporación a seguinte declaración institucional:

“A empresa Gráficas do Noroeste, Grafinsa-Grayto, é un importante referente no mundo das artes gráficas que se adica ao deseño e á fabricación de envases e embalaxes para a máis diversa industria. Esta empresa pasa nestes momentos por unha especial dificultade que, de non actuar, pode acabar no seu peche e a destrución duns 120 postos de traballo, máis aqueles que resultan inducidos polos servizos asociados.

Grafinsa-Grayto está participada polo goberno galego nun 42,02%, sendo ademais co-accionista maioritario, polo que:

O Pleno da Corporación Municipal resolve dirixirse á Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia co fin de que se garanta a viabilidade da empresa Grafinsa-Grayto, o seu futuro e o mantemento do emprego.”

A Alcaldía-Presidencia procede a ler o texto que se transcribe nos antecedentes.

SR. FIGUEROA VILA: Sería bo clarificar tamén que semella que hai un acordo nas últimas horas. A través do noso Grupo recibín persoalmente ao Comité de Persoal desta empresa hai sete ou oito días e instáronme a que fixera unha serie de xestións. Fixen as correspondentes xestións que non vou publicar aquí e parece que nas últimas horas chegouse a un acordo entre o Comité, os traballadores e a Xunta de Galicia para que se poida retomar a actividade.

Polo tanto me gustaría que quedase constancia de que hai un novo escenario e aínda que nós nos seguimos reafirmando na declaración institucional, queremos que conste en acta que nas últimas horas parece que xa hai un acordo entre a Xunta, Consellería de Industria e os propios traballadores.

SR. ALONSO PÉREZ: O BNG tamén se reuniu cunha delegación do Comité e das Centrais sindicais e realmente estaban moi molestos coa actuación da Consellería de Industria. Se isto se rectifica, mellor para os traballadores.

SR. LÓPEZ FONT: No caso de acordo tamén queremos amosar a nosa satisfacción,

pero como se trata de manifestar o que fixemos cada un ao respecto, temos que dicir que o alcalde de Vigo se reuniu a instancias do Comité de Empresa coa representación laboral e manifestou o seu apoio público ás reivindicacións que mantiña o colectivo.

Se isto se soluciona estaremos no bo camiño, pero insisto en que tamén pola parte do alcalde se lle manifestou todo o apoio ao colectivo dos traballadores.

A anterior declaración institucional enténdese aprobada por asentimento dos membros presentes da Corporación.

3.- DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

3.1.-(151).- DAR CONTA DO INFORME TRIMESTRAL DE TESOURERÍA, EMITIDO AO ABEIRO DO ARTIGO 4.3 DA LEI 15/2010, RELATIVO AO CUMPRIMENTO DE PRAZOS PARA O PAGAMENTO DAS OBRIGAS DO CONCELLO DE VIGO (2º TRIMESTRE DE 2012). EXPTE. 7210/540 (515/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 21 de agosto de 2012, o Tesoureiro do Concello, Sr. Escariz Couso, informa do que segue:

“LEXISLACIÓN APLICABLE.-

- Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (vixente ata o 16 de decembro de 2011).
- Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (vixente a partir do 17 de decembro de 2011).

INFORME.

O apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dispón que os Tesoureiros das Corporacións

locais elaborarán trimestralmente un informe ao Pleno da Corporación sobre o cumprimento dos prazos previstos na citada Lei para o pagamento das obrigas de cada entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea a incumprir o prazo.

O ámbito obxectivo do informe trimestral é, polo tanto, as operacións comerciais, correspondéndose no Concello de Vigo, con carácter xeral, cos gastos en bens correntes e servizos e cos investimentos.

A estes efectos, o apartado 4º do artigo 200 da Lei 30/2007, de Contratos do Sector Público, na súa redacción dada pola Lei 15/2010, establece que *“A Administración terá a obriga de aboar o prezo dentro dos trinta días seguintes á data da expedición das certificacións de obras ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato, sen prexuízo do prazo especial establecido no artigo 205.4, e, se se demorase, deberá aboar ao contratista, a partir do cumprimento do devandito prazo de trinta días, os intereses de demora e a indemnización polos custes de cobramento nos termos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. Cando non proceda a expedición de certificación de obra e a data de recibo da factura ou solicitude de pagamento equivalente se preste a dúbida ou sexa anterior á recepción das mercancías ou á prestación dos servizos, o prazo de trinta días contarase desde a devandita data de recepción ou prestación.”*

Agora ben, segundo o disposto na disposición transitoria oitava da citada Lei de Contratos, o prazo de trinta días ao que se refire o apartado 4º do artigo 200 desta Lei aplicarase a partir do 1 de xaneiro de 2013, pois dende o 7 de xullo de 2010, data da entrada en vigor da Lei 15/2010, e ata o 31 de decembro de 2010, o prazo no que as administracións teñen a obriga de aboar o prezo das obrigas ás que se refire o apartado 4 do artigo 200 será dentro dos cincuenta e cinco días seguintes á data da expedición das certificacións de obras ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato.

Pola súa banda, entre o 1 de xaneiro de 2011 e o 31 de decembro de 2011, o prazo no que as administracións teñen a obriga de aboar o prezo das obrigas ás que se refire o apartado 4 do artigo 200 ,será dentro dos cincuenta días seguintes á data da expedición das certificacións de obra ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato.

Finalmente, entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2012, o prazo no que as administracións teñen a obriga de aboar o prezo das obrigas ás que se refire o apartado 4 do artigo 200, será dentro dos corenta días seguintes á data da expedición das certificacións de obra ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato. En idéntico sentido pronúncianse o artigo 216 e a disposición transitoria 6ª do Real Decreto Legislativo 3/2011.

O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas publicou unha guía para a elaboración dos informes trimestrais que as entidades locais han de remitir ao Ministerio de Economía e Facenda, en cumprimento do artigo cuarto da Lei 15/2010,

do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, cuxo contido íntegro pode consultarse na páxina web do citado Ministerio, que dispón que os informes, referidos ao último día de cada trimestre natural, haberán de elaborarse considerando a totalidade dos pagamentos realizados en cada trimestre natural, e a totalidade das facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do mesmo. Deste modo, o informe trimestral considerará a seguinte información:

- a) Pagamentos realizados no trimestre.
- b) Intereses de demora pagados no trimestre.
- c) Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do trimestre.
- d) Facturas ou documentos xustificativos con respecto ás cales, ao final de cada trimestre natural, transcorresen máis de tres meses dende a súa anotación no rexistro de facturas e non se tramitasen os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga.

En consecuencia, en cumprimento do disposto no apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, o funcionario que subscribe ten a ben remitir ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo o informe sobre o cumprimento dos prazos previstos para o pagamento das obrigas correspondentes ao 2º trimestre do exercicio 2012 que se achega xunto co presente escrito; declarando que os datos nel contidos correspóndense cos pagamentos realizados no trimestre e coas obrigas pendentes de pagamento ao final de dito trimestre polo Concello de Vigo, segundo os datos contidos na base de datos de contabilidade do Concello de Vigo.

RESUMO DAS PRINCIPAIS MAGNITUDES CONTIDAS NO INFORME:

a) Pagamentos realizados no trimestre.

Dentro do período legal de pagamento:

- Número de pagamentos: 1.634
- Importe total: 20.303.512,54 euros

Fora do período legal de pagamento:

- Número de pagamentos: 653
- Importe total: 5.141.662,53 euros

Período medio de pagamento (PMP): 34,03 días

O "Período *medio de pagamento*" dos efectuados no trimestre, é o indicador do número de días media que se tardou en realizar os pagamentos.

Período medio de pagamento excedido (PMPE): 24,32 días

O "Período medio de pagamento excedido" dos efectuados no trimestre, é o

indicador do número de días media que as operacións pagadas fóra de prazo excederon do prazo legal.

b) Intereses de demora pagados no trimestre.

- Número de pagamentos: 0
- Importe total de intereses: 0,00 euros

c) Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do trimestre.

Dentro do período legal de pagamento:

- Número de operacións: 413
- Importe total: 3.384.042,27 euros

Fora do período legal de pagamento:

- Número de operacións: 61
- Importe total: 495.031,18 euros

Período medio do pendente de pagamento (PMPP): 28,88 días

O "*Período medio do pendente de pagamento*" ao final do trimestre, é o indicador do número de días media de antigüidade das operacións pendentes de pagamento a final do trimestre.

Período medio pendente de pagamento excedido (PMPPE): 47,97 días

O "*Período medio do pendente de pagamento excedido*" a final do trimestre, é o indicador do número de días media que as operacións pendentes de pagamento ao final do trimestre excederon do prazo legal.

d) Facturas ou documentos xustificativos con respecto ás cales, ao final de cada trimestre natural, transcorresen máis de tres meses dende a súa anotación no rexistro de facturas e non se tramitasen os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga.

- Número: 5
- Importe total: 52.176,04 euros

Período medio de operacións pendentes de recoñecemento (PMOPR): 97,43 días.

O "*Período medio de operacións pendentes de recoñecemento*" a que se refire o apartado 4 do artigo quinto da Lei 15/2010, é o indicador do número de días media de antigüidade destas operacións."

A comisión informativa de Economía, Facenda e Patrimonio, na súa sesión do día 3 de setembro, tomou coñecemento do anterior.

DEBATE.- SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Estamos aquí unha vez máis para falar das contas do Concello, neste caso dos movementos de Tesourería do segundo trimestre do ano 2012.

De novo os datos volven ser claros e contundentes. Nun momento no que o goberno de España tivo que acudir a un rescate e estase presentando a posibilidade de que quizais sexa necesario un segundo, nun momento no que practicamente todas as autonomías demostraron que teñen escasa liquidez e que van superar o teito de débeda, nun momento no que os concellos tiveron que aprobar distintos plans, tanto de axuste para poder facer fronte aos pagamentos, como de pagamento a provedores para cumprir en prazo, este Concello demostra que ten liquidez e solvencia e así o recolle o informe de Tesourería.

O informe recolle que este Concello foi capaz de pagar neste segundo trimestre en trinta e catro días. Este prazo supón quince días menos do que había no ano 2006; tamén supón unha redución moi importante con respecto ao período legal de corenta días, unha diferenza moi importante respecto ao prazo medio co que están pagando as administracións que é de noventa e nove días; é un prazo considerablemente máis baixo ca o da Deputación que supera os setenta días, é tamén máis baixo ca o da Xunta que supera os cincuenta días e está por riba da media europea. Por dar algúns datos, países como Alemaña ou mesmo Reino Unido pagan en máis prazo ca o do Concello de Vigo.

O dato é claro: este Concello é un dos que mellor pagan aos provedores porque entendemos que nun momento como o actual as empresas non deben estar abafadas polos concellos e estes e todas as entidades públicas deben ser os primeiros responsables en pagar con dilixencia aos seus provedores.

Esta é a máxima deste Concello: cumprir con absolutamente todos os compromisos, entre eles o dos provedores.

Polo tanto é unha proba de xestión e de compromiso. Somos o Concello con máis remanentes acumulados, con menos endebedamento e que mellor paga ás empresas que lle dan servizos e que realizan as súas obras.

Este é o compromiso que tiñamos: seren bos pagadores e bos xestores e o informe de Tesourería que presentamos así o demostra.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Sra. Díaz, vostede presume moito da súa xestión económica, pero en varias ocasións xa lle dixemos que a súa xestión económica e a deste Concello deixa moito que desexar porque hai moito descontrol nas contas.

En marzo apareceron 327 facturas pendentes que estaban agochadas nos caixóns por un valor de 4,6 millóns de euros. Só quince días despois de aprobar o orzamento que se trouxo aquí no mes de xuño, houbo que o modificar para pagar tres millóns de euros en facturas e hai un mes, en agosto, nunha Xunta de Goberno Local apareceu unha factura do ano 2009 por valor de 40.000 euros. Camuflan a realidade e ocultan o estado das contas do Concello.

Vostedes din medias verdades, tamén cousas que son absolutamente falsas. Din que o goberno de España tivo que acudir a un rescate e que xa se está preparando o segundo rescate. Infórmese ben, Sra. Díaz, porque é mellor que mostre un pouco de rigor neste Pleno municipal.

Tanto que presumen de contas saneadas, é tamén a primeira vez na historia que se incumpriu o obxectivo de estabilidade na liquidación do orzamento. No ano 2011 houbo un desequilibrio orzamentario de 25,5 millóns de euros como consecuencia de gastar máis e ingresar menos, o que lles obrigou a facer un Plan económico-financeiro para recuperar equilibrio. De teren unha economía tan saneada non habería un desequilibrio de 25 millóns de euros e non habería que facer un Plan económico-financeiro para recuperar o equilibrio.

Fano mal e cada ano peor porque no Pleno anterior tamén coñecemos que o nivel de execución de gasto no primeiro semestre era catro puntos peor ca no ano 2011. Sabiamos que aquí se estaba incumprindo a Lei de facendas locais porque a Xerencia de Urbanismo está crebada e ten un burato de oito millóns de euros; tamén sabiamos que o Instituto Municipal dos Deportes só ten capacidade de pagamento para menos dun terzo do que debe.

Pero agora tamén comprobamos como se segue incumprindo a lei, neste caso a de morosidade porque os prazos de pagamento, Sra. Díaz, non se están cumprindo neste Concello. Vostede dicía que algúns si se pagan cunha media de 34 días, pero o 29% das facturas, como di o informe de Tesourería e tamén onte un medio de comunicación, aínda que moi en pequeno porque o titular ía por todo o contrario, 653 pagamentos se fixeron fóra do período total por importe de 5,1 millóns de euros. Estas 653 facturas que se pagaron máis aló do período legal que agora

mesmo é de corenta días, di o tesoureiro que se pagaron cunha media de atraso de 24,32 días, co que de media o 30% das facturas se pagan a 64 días.

Tamén di o informe algo que vostede oculta porque non lle interesa, di que hai facturas pendentes de pagamento e 61 delas xa non se van volver pagar dentro de prazo porque xa levan corenta e oito días de atraso respecto do período legal. Ou sexa que 61 facturas xa levaban oitenta e oito días sen pagar e iso a 30 de xuño.

O informe tamén di algo que non lle interesa comentar. Di que hai 5 facturas por importe de 52.000 euros que levan máis de tres meses rexistradas e aínda nin sequera se tramitaron, non hai nin recoñecemento da obriga.

Profesora Díaz, se iso é presumir de boa xestión económica, dende o PP de Vigo esixímoslle máis esforzo porque este non é un bo exemplo de xestión económica, non se demostra a boa xestión económica aumentando a débeda e gastando os aforros e lémbrolle que a tesourería baixou un 28% en seis meses. Non se demostra boa xestión económica subíndolle os impostos aos vigueses un 12% e machucándoos a multas de tráfico por importe de 42 millóns de euros dende que Abel Caballero é alcalde.

Cando o Partido Popular de Vigo gobernou esta cidade, sen subir os impostos coma vostedes, baixou a débeda de 108 a 47 millóns de euros. Iso si é facer unha boa xestión económica.

O que é máis grave é que vostedes seguen permanentemente incumprindo a lei.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Está claro que o Sr. Fidalgo leu outros números e dende logo que non le os xornais porque debe ser o único español que non sabe que España tivo que pedir un rescate e que se está falando de pedir un segundo rescate. Recomendolle que polo menos lea todos os días a prensa española para saber o que está acontecendo no país. Lémbrolle tamén que hai cinco millóns de parados e que en Galicia hai moitos máis parados dende que governa o Sr. Núñez Feijóo. Lémbrolle porque debe ser que vive noutro mundo, está claro que parece que non vive na cidade de Vigo nin en Galicia e en España dende logo que non, quizais digamos que vive nas nubes porque o que falou non se parece en nada ao que di o informe da Tesourería.

Dixo que pola Xunta de Goberno Local pasan facturas. Claro que si, entre elas a do despacho da Sra. Porro, a do Areal que si é unha factura do ano 2007 que este

Concello se negou a pagar porque non paga malgasto. Pero veu o Sr. Rajoy e sacou unha lei precisamente igual ca da amnistía fiscal, unha amnistía para eses políticos que incumpriron a forma de facer os trámites das facturas, entre eles a Sra. Porro e o Sr. Figueroa.

Se vostede di que este Concello non é un exemplo de xestión entón, como tacharía ao seu presidente da Xunta de Galicia cando recoñeceu que a súa media, a media da Xunta de Galicia, supera os cincuenta días? Aquí o informe de Tesourería di que a media de pagamento é de trinta e catro días. Se iso non é exemplo, que serán os cincuenta días da Xunta ou o último informe da Deputación que fala de setenta días de media.

Dixo que hai unha serie de pagamentos pendentes. Sabe cantos pagamentos tiña pendentes a Deputación? Pagou tres millóns de euros nun trimestre e deixou de pagar 4.800.000 euros nun trimestre. Esta é a xestión da Deputación, a xestión do Partido Popular.

Vostedes din que nós non somos exemplo. Entón, vostedes que son? Porque aquí si que estamos cumprindo coa Lei de morosidade que di que o período medio de pagamento ten que ser inferior aos corenta días. Non o cumpren a Deputación de Pontevedra, o Concello de Madrid, a Xunta de Galicia e non o cumpre absolutamente ninguén. Todo o mundo recoñéceo, vaia vostede á FEMP e pregúntelle aos seus alcaldes e verá que todos eses alcaldes felicitan ao Sr. Caballero pola calidade da xestión deste Concello que é quen de pagar aos seus provedores cunha media de trinta días.

Dicían aquí que en Madrid se está pagando cun atraso dun ano. É un concello gobernado e xestionado por vostedes, polo tanto cando fale de xestión e de exemplo pónase vostede como exemplo e a ver se pode dicir que son fenomenais e estupendos porque coa que está caendo son capaces de pagar en vinte días. Hai algún concello do Partido Popular que sexa capaz de pagar en menos de trinta e cinco días? Non o hai.

O que a vostedes lles dá vergoña é recoñecer que este Concello que non está gobernado por vostedes, si é quen de pagar nun prazo de trinta días e, por suposto, foi este goberno quen reduciu a débeda e foron os señores Núñez Feijóo e o Sr. Rajoy nada máis chegar ao goberno os que subiron os impostos. Este último o primeiro que fixo foi subir o IRPF, negara que subiría o IVE e hai quince días que o

acaba de subir. Cómprenlles os libros e os cadernos escolares aos seus fillos e verán o que lles custan agora en comparación co que custaban hai un ano e compáreno co que custaba hai catro anos porque co Sr. Touriño os libros eran gratis.

A Presidencia pon en coñecemento do Pleno da Corporación o contido do presente expediente.

3.2.-(152).- APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO CONCELLO E OS SEUS ORGANISMOS AUTÓNOMOS CORRESPONDENTE AO EXERCICIO DE 2011. EXPTE. 101973/140 (521/1101)

ANTECEDENTES.- Segundo se indica na proposta formulada con data 28 de agosto pola concelleira delegada de Economía e Facenda:

“Unha vez formada a Conta Xeral correspondente ao presuposto do ano 2011, rendida polo Sr. Alcalde-Presidente e ditaminada pola comisión especial de Contas en sesión do 1 de xuño de 2012, expúxose ao público polo prazo que regula o art. 212.3 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), aprobado polo RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, publicada no Boletín Oficial da Provincia núm. 124 do 28 de xuño, rematando o prazo para presentar reclamacións e alegacións o 27 de xullo e, segundo consta na certificación que figura no expediente, no prazo de exposición ao público non houbo reclamación ningunha. Ao obxecto de dar cumprimento ao previsto no artigo 212.4 do TRLRFL propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo que é coincidente coa proposta que se formulou á comisión especial de Contas...

Deseguido a concelleira delegada de Economía e Facenda emite a proposta que figura na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Economía, Facenda, Patrimonio e Educación, na súa sesión do día 3 de setembro, ditaminou favorablemente a citada proposta.

DEBATE.- SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Unha vez máis volvemos falar de contas, neste caso do orzamento do ano 2011, o cuarto orzamento do goberno no que era alcalde D. Abel Caballero e tenente de alcalde D. Santiago Domínguez.

O orzamento total ascendeu a 283 millóns de euros, de novo un dos máis elevados

dos catro anos. Deses 283 millóns, 62 millóns destináronse a investimentos, é dicir, un 45% do orzamento destinouse á creación de emprego directo a través da creación de infraestruturas nesta cidade. 116 millóns destináronse á prestación de servizos: de limpeza, de parques, asistencia sanitaria, educación, mantemento dos colexios... 21,5 millóns destináronse a subvencións: para educación, libros, comedores, cultura, deportes, sobre todo para o deporte de base, e para as asociacións veciñais para que poidan levar alí a cultura e a afección a todos os barrios.

Neste orzamento de 283 millóns o Estado participou con 70 millóns de euros, a Xunta de Galicia con 10 millóns de euros e a Deputación, vou lelo tal e como pon o informe porque nun orzamento de 283 millóns, literalmente di: "As transferencias da Deputación ascenderon a 13.602,50 euros" Non erro na cantidade que representa un 0,0063% dos ingresos do Concello de Vigo no ano 2011. Esa foi a participación de cada unha das entidades no orzamento do Concello de Vigo. O Estado participa nun 25%, a Xunta escasamente participou nun 3% e non só é que participe nun escaso 3%, é que aínda por riba chegou ao final do exercicio e non nos pagou ao Concello de Vigo o que tiña pendente porque decidiu pechar o exercicio; deixou pendente neste Concello máis de cinco millóns de euros. A Deputación, como dixeran, participou neste orzamento nun 0,0063%. Polo tanto foron os vigueses os que financiaron o orzamento desta cidade.

Con respecto aos resultados contables, o que se coñece como o resultado orzamentario axustado, que digamos que é a conta de perdas e ganancias de calquera empresa, Sr. Fidalgo lea ben, arroxou un saldo positivo de 13 millóns de euros, é dicir o Concello foi quen de facer fronte aos seus gastos e aínda lle quedou un remanente de 13 millóns de euros. Como resultado, os remanentes totais de Tesourería, a tesourería que había neses momentos no Concello a peche de exercicio, era de 80,3 millóns de euros. Esa é a mala xestión do Concello que é capaz de ter de remanentes 80,3 millóns de euros.

O aforro neto, o que fomos capaces de aforrar, situouse en 10 millóns de euros.

Salientar polo tanto o valor positivo das magnitudes, pero tamén a contía porque a día de hoxe son tres os parámetros que distinguen aos concellos e os separan de entre os que son bos xestores e os que non. Por unha banda o aforro neto e os remanentes porque demostran a capacidade do Concello de xestionar os recursos,

de facer fronte á prestación dos servizos e ter liquidez para poder pagar en tempo, e Vigo ten aforro neto positivo por valor de máis de 10 millóns e remanentes que superan os 80 millóns; o investimento que xera emprego directo e que o ano pasado foi de 62 millóns de euros e o endebedamento con entidades financeiras que no ano 2011 situouse no 28,5%, o máis baixo de toda a serie histórica. A Deputación de Pontevedra, por dar un dato comparativo, superou o 75%

No ano 2005 no orzamento da Sra. Porro o endebedamento era do 47,07%. A día de hoxe o endebedamento da Deputación de Pontevedra cuadriplica o de Vigo e o endebedamento do Partido Popular era o dobre do actual.

En termos *per cápita* Vigo volve ser a cidade menos endebedada de España. No ano 2005 co Partido Popular a débeda era de 287 euros por habitante e no ano 2011 era de 186 euros por habitante. No ano 2005 co Partido Popular era de 86 millóns e no 2011 foi de 56 millóns.

Como resultado puidemos ofrecer máis e mellores servizos para os cidadáns, máis investimento por habitante, que pasa da época do Partido Popular de 58 euros a nós de 152,3 euros por habitante. Máis gasto en servizos por habitante porque se co Partido Popular era de 516 euros, con este goberno foi de 646,7 euros. Diminuíuse a carga financeira e aumentouse a solvencia e a tesourería.

En definitiva, os datos e as magnitudes demostran a boa saúde económica e financeira deste Concello.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Non pensabamos intervir neste punto porque é un mero trámite, é a aprobación definitiva do que xa se trouxo a Pleno no mes de abril, sinxelamente trátase de aprobar definitivamente as contas anuais do Concello ao igual que se levan as contas anuais dunha empresa: o balance, a memoria, a conta de resultados. Pero como a Sra. Díaz aproveita para facer un resume da súa excelente e marabillosa xestión económica, da que xa dixen que deixa moito que desexar porque as contas non son para botar peito, Sra. Díaz. insisto novamente. En primeiro lugar hai un desequilibrio orzamentario no ano 2011: 25,5 millóns de euros de diferenza entre os gastos e os ingresos e por iso houbo que facer un plan económico-financeiro que encargaron a unha empresa de Madrid porque aquí non había xente de abondo para lle encargan este difícil estudo económico e por iso hai 25 millóns de desfase entre ingresos e gastos.

En segundo lugar o nivel de execución deste ano, Sra. Díaz, foi peor en catro puntos porcentuais que o do ano 2011.

En terceiro lugar incúmprese a Lei de facendas locais porque a Xerencia de Urbanismo, así llo di o interventor no seu informe, está crebada cun burato de 8 millóns de euros.

En cuarto lugar o Instituto Municipal dos Deportes, un dos organismos autónomos, só ten capacidade de pagamento para un terzo do que debe.

Quinto: estase incumprindo a Lei de morosidade. Non vale dicir que as facturas que se pagan dentro do prazo teñen unha media de trinta e catro días porque o 30% das facturas, Sra. Díaz, estase pagando fóra do prazo e iso estallo dicindo o tesoureiro. Hai que cumprir coa lei en todas e cada unha das facturas. Non vale pagar cen facturas a 10 ou 15 días e que outras cincuenta se estean pagando a 70 días porque a media lle sairá moi bonita, pero eses provedores que prestaron uns servizos ou venderon uns produtos ao Concello non teñen por que agardar máis de 70 días para cobrar. O 30% das facturas por importe de 5 millóns de euros estanse pagando moi tarde.

Non fale da Deputación, da Xunta ou do Concello de Madrid porque nós somos concelleiros do Concello de Vigo e estamos falando de Vigo.

Cando gobernou na cidade o Partido Popular baixou a débeda de 108 a 47 millóns de euros. Iso é facer unha boa xestión económica. Vostedes, que se saiba e de momento, subiron a débeda a 83 millóns de euros a 31 de decembro do ano pasado e subíronlles aos cidadáns os impostos un 12%, subíronlles o Vitrasa e agora o 16% nas instalacións deportivas do IMD. Iso non é facer unha boa xestión económica, Sra. Díaz.

Sobre o malgasto, algo do que vostede falou antes, sabe que é? É ir ás manifestacións en coche oficial.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Primeiro dixo que non quería intervir pero como intervín eu debe ser que lle entrou un "*sarpullido*" e saltou porque os atacamos cos lugares onde gobernaron. Non quere que falemos de aquí pero é que moitos dos nosos provedores tamén provén á Deputación, Sr. Fidalgo. Se vostede está tan preocupado de que nós lles paguemos aos provedores en trinta días... Mire como o Sr. Figueroa non está. Dígalle a el que é vicepresidente da Deputación que lles

pague tamén aos provedores e ademais en trinta días.

Hai uns días espertamos coa nova de que menos mal que hai eleccións porque gracias a elas moitos provedores cobraron da Xunta por valor de 150 millóns de euros, porque senón nin sequera cobrarían isto coa escusa de que sobe o IVE e hai que pagar máis, cando esta foi unha medida de seu. A subida do IVE e polo tanto a subida do autobús é de seu, quen subiu o autobús nesta cidade foi o Partido Popular. Quen subiu o IVE foi o Partido Popular. Quen subiu as garderías foi o Partido Popular. Quen baixou taxas neste Concello? Foi o Partido Socialista en coalición co BNG. Quen baixou as taxas das garderías neste Concello e conxelou moitos impostos? Foi o Partido Socialista en coalición co BNG.

É falso todo o que vostede dixo xa que neste Concello si houbo unha rebaixa fiscal porque se atendeu a máis cidadáns, déronse bonificacións fiscais do 3% do IVE, Sr. Fidalgo; milleiros de familias estanse beneficiando nestes momentos cun 3% do IVE; bonificáronse os vehículos ecolóxicos e son mil vehículos os que nestes momentos pagan un 75% menos no imposto de circulación. Canto cobran vostedes na Xunta? Moito máis. Foron vostedes os que prometeron que non se pagaría pola limpeza e nós exclusivamente actualizamos o IPC.

Sen embargo son vostedes os que soben o canon da auga, as plusvalías, o IRPF, o IVE... Polo tanto foron vostedes os que subiron todos os impostos en todas as administracións nas que estiveron. Tanto nas administracións autonómicas como nas estatais os que subiron os impostos foron vostedes e se un vigués paga máis é por vostedes.

Falou de austeridade, quere falar dos dous millóns que xa se gastou Feijóo en asesores? Porque esa é austeridade de seu que din que van reducir, pero os dous millóns de gasto en asesores que ten o Partido Popular na Xunta que ninguén llos quite porque son sagrados. Aquí este goberno decidiu reducir o número de asesores e tamén o número de exclusivas. Nestes momentos este goberno ten menos dedicacións exclusivas ca en Mos; cantos habitantes ten Mos e cantos esta cidade. A canto lle saen por habitante á alcaldesa de Mos? Canto ten que pagar cada habitante de Mos para pagar o salario dos asesores?

A PRESIDENCIA: En todo caso, Sr. Fidalgo, cando vostede se refire a coches, téñolle que dicir que este alcalde xamais foi unha manifestación no coche oficial. O

problema foi que nós si estabamos na manifestación e tamén o BNG, pero vostedes non.

(Está ausente a concelleira do Grupo Socialista Sra. Silva Rego)

VOTACIÓN E ACORDO: Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece abstencións dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Traspasar a resultados pendentes de aplicación, o saldo debedor ou acredor en cada caso da conta 129 (Resultados do exercicio 2010), correspondente á Entidade Local, o Instituto Municipal dos Deportes, Parque das Ciencias Vigo Zoo e Escola Municipal de Artes e Oficios e Xerencia Municipal de Urbanismo, a conta 120 (Resultados de exercicios anteriores).

Segundo.- Aprobar a Conta Xeral do Concello de Vigo correspondente ó ano 2011, integrada por:

- A da propia entidade.
- OA Parque das Ciencias Vigo-Zoo.
- OA Escola Municipal de Artes e Oficios.
- OA Instituto Municipal dos Deportes.
- OA Xerencia Municipal de Urbanismo.

E composta polos seguintes estados e contas anuais:

- Balances.
- Contas de resultados económico-patrimoniais.
- Liquidacións dos orzamentos
- Memoria, co desglose que establece a Instrución de Contabilidade modelo normal.

Terceiro.- Remitir ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas de Galicia tendo en conta as Resolucións do 30 de marzo de 2007, da Presidencia do Tribunal de Contas, pola que se fai público o acordo do Pleno do 29 de marzo de 2007, que aproba a Instrución que regula o formato da Conta Xeral das Entidades Locais para a súa remisión por procedementos telemáticos para a rendición das contas, e o acordo do Pleno do Consello de Contas de data 3 de maio de 2011 relativo ao formato normalizado da Conta Xeral das Entidades Locais de Galicia en soporte informático e o procedemento telemático para a súa rendición, así como o convenio asinado entre o Tribunal de Contas e o Consello de Contas para a implantación de medidas de coordinación da rendición telemática das Contas Xerais das Entidades Locais.

3.3.-(153).- DESESTIMACIÓN DA RECLAMACIÓN DE D^a CARMEN LAGO VIDAL REFERENTE Á DESAFECTACIÓN DE CAMIÑO CANEXA, NA PARROQUIA DE SAMPAIO. EXPTE. 19237/240 (494/1101)

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 17 de xullo e coa conformidade da concelleira delegada de Patrimonio, o xefe do Servizo de Patrimonio emite o seguinte informe:

“NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).
- Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto-Legislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións legais vixentes na materia de Réxime Local (TRRL).
- Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).
- Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común (LRJAP).
- Lei 1/2001, do 7 de xaneiro, de Axuizamento Civil (LEC).
- Real Decreto do 24 de xullo de 1889, Código Civil (CC).

ANTECEDENTES

1º.- Dª María del Carmen Lago Vidal presenta escrito, con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello do 11.08.2011 solicitando a desafectación do camiño Canexa ao manifestar ser da súa propiedade, de acordo cos planos e escritura de propiedade que achega.

2º.- Na instrución do expediente leváronse a cabo os trámites procedementais regulamentarios e emitidos os pertinentes informes pola parte dos técnicos dos servizos municipais competentes nas diversas materias que puideran incidir no obxecto do expediente e na resolución que finalmente deban adoptar os órganos competentes desta administración, constando os seguintes:

- Informe do arquitecto municipal de Patrimonio, de data 16.09.2011 e 02.02.2012.
- Informe do Servizo de Electromecánicos, de data 17.02.2012.
- Informe do Servizo de Vías e Obras de data 01.03.2012
- Informe do Servizo de Limpeza de data 16.04.2012.
- Informe do Servizo de Cartografía da Xerencia Municipal de Urbanismo, de data 06.07.2012.

3º.- Así mesmo, outorgouse trámite de audiencia á Asociación Veciñal de Sampaio e aos propietarios de parcelas lindeiras, na súa condición de interesados no procedemento como titulares de dereitos que se puideran ver afectados pola solicitude de descatalogación presentada, nos termos dos artigos 31 e 84 LRJAP, formulando alegacións Dª Begoña Lago Vidal na data 10.05.2012 considerando o camiño privado.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1º.- Identificación do ben controvertido. O camiño obxecto da presente reclamación figura no Inventario Municipal de bens e dereitos aprobado polo acordo plenario de data 4 de maio de 1993, no epígrafe I de bens inmobles, como ben de dominio público afecto ao uso público e, na súa condición de vía pública, integrado na rede viaria municipal.

2º.- Natureza xurídica de ben de dominio público do camiño Canexa. Son bens de dominio público os que, sendo de titularidade pública, se atopen afectados ao uso xeral ou ó servizo público, así como aqueles aos que una lei outorgue expresamente o carácter de demaniais (artigos 5 LPAP, 79 LBRL, 263 LALG). Dentro dos bens demaniais das corporacións locais, teñen a consideración de bens de uso público local, entre outros, os camiños de aproveitamento ou utilización xeral cuxa conservación e policía sexan competencia da entidade local (artigos 264 LALG, 74 TRRL e 3 RBEL).

3º.- Carácter do Inventario Municipal de bens e dereitos. Entre os medios e facultades que establece o ordenamento xurídico para garantir a protección e defensa do patrimonio das administracións públicas atópase a obriga de inventariar os bens e dereitos que o integran, facendo constar, con suficiente detalle, as mencións necesarias para a súa identificación, así como as que resulten precisas

para reflectir a súa situación xurídica e o destino ou uso a que son adicados (artigos 32.1 LPAP, 278 LALG, 86 TRRL e 17 RBEL). O inventario deberá autorizarse polo secretario da Corporación local, co visto e prace do presidente, e o Pleno será o órgano competente para acordar a aprobación, rectificación e comprobación do mesmo (artigos 32.1 e 34 RBEL).

O Inventario Municipal de bens e dereitos do Concello de Vigo aprobouse definitivamente polo acordo plenario de data 4 de maio de 1993, con referencia ao 31 de decembro de 1991. Para a súa aprobación seguiuuse o procedemento establecido no artigo 49 LBRL para a aprobación das ordenanzas locais, aínda que as disposicións legais aplicábeis non o esixen, para maior garantía dos dereitos e intereses dos administrados: a) aprobación inicial polo Pleno municipal, na data 19 de decembro de 1992; b) información pública e audiencia aos interesados polo prazo de 30 días para formulación de alegacións e presentación de reclamacións, no seu caso; c) resolución de todas as reclamacións presentadas dentro de prazo; d) aprobación definitiva polo Pleno. No entanto, é de salientar que durante o período de información pública non consta que se tivese formulado ningunha alegación en relación coa inclusión do camiño obxecto do presente expediente no Inventario Municipal de bens e dereitos no seu epígrafe correspondente ás vías públicas, segundo resulta dos antecedentes do expediente de rectificación e actualización do mencionado inventario. Na consecuencia, o camiño de referencia foi considerado vía pública de titularidade municipal integrante do patrimonio municipal na condición de ben de dominio público afecto ao uso público.

Tralo o acordo plenario de aprobación definitiva do Inventario Municipal de bens e dereitos este deveu firme, resultando esgotada a vía administrativa e goza, polo tanto, da lexitimidade, validez e executividade que o noso ordenamento xurídico atribúe aos actos administrativos firmes (artigos 56 e 57 LRJAP).

4º.- Respecto á cuestión da rectificación inventarial solicitada. O presente expediente ten como finalidade determinar se é correcta a inclusión no epígrafe I do inventario municipal do camiño en cuestión na atención ó seu uso público, ou, no caso contrario, de non concorrer esta circunstancia, se procede rectificar o inventario, dándoo de baixa. Neste senso, a reclamante formula a titularidade privada do camiño que discorre polo vento norte da súa parcela, considerando que lle pertence ao formar parte da mesma, e ao efecto achega fotocopia dunha escritura pública de adxudicación por apartación de data 17/11/1996 autorizada polo notario D. Álvaro Moure Goyanes (nº 1940 do seu protocolo). Na relación a dita documentación, e cotexada cos datos que constan nos arquivos municipais, resulta que a reclamante, Dª María del Carmen Lago Vidal na data 10.11.2010, mediante documento administrativo nº 89/2010 outorgado na Xerencia Municipal de Urbanismo, levou a cabo a formalización da cesión gratuíta de 65 m2 para ampliación de vial que viña obrigada a facer consoante a licenza de obra concedida pola Presidencia da XMU o 13.06.1997. De acordo con dito documento de cesión, a parcela orixinal (á que fai referencia a escritura pública achegada pola reclamante) atopábase afectada pola ampliación de vial no PXOM, estando por conseguinte obrigada á cesión, polo seu vento norte e ao longo do seu fronte, dunha superficie de 65 m2. descrita no documento e reflectida no plano de deslinde e situación achegado co mesmo, facéndose constar a existencia polo lindeiro norte dun "vial

público". A reclamante no seu escrito non só non fai mención a esta cesión ou a licenza outorgada no seu día da que trae causa, senón que obvia toda referencia ou feito de que a súa parcela linda polo vento norte (onde se sitúa o camiño obxecto de reclamación) con propiedade municipal que correspondese co terreo segregado para a ampliación do vial público, como se desprende da declaración de indivisibilidade da parcela matriz resultante de 895 m², inscrita no Rexistro da Propiedade.

Por conseguinte, pódese concluír a improcedencia da desafectación solicitada ao resultar constatado tanto a titularidade municipal do terreo como a súa afectación ao uso público sendo destino a vial público e, en todo caso, atendendo á obriga das administracións públicas de protexer e defender aos seus bens e dereitos, tendo prohibido o alleamento fronte ás demandas formuladas contra eles (artigos 5, 68.1 LRBRL; 270, 284.2, 285 LALG; 220 ROF e 9 e 73 RBEL).

5º.- Natureza xurídica da presente reclamación. A reclamación na vía administrativa, segundo dispón o artigo 120.1 LRJAP, é requisito previo ao exercicio de accións fundadas no dereito privado ou laboral contra calquera administración pública, salvo nos supostos nos que este requisito estea exceptuado por unha disposición con rango de lei. No caso que nos ocupa, dado que se trata dunha cuestión de propiedade, e a declaración da existencia de dereitos, de acordo co disposto no artigo 5 da LEC, é competencia dos tribunais da orde xurisdiccional civil, resulta procedente a interposición de reclamación administrativa previa, carácter que cabe predicar da presente reclamación aínda que o interesado non a denomine formalmente deste xeito, en virtude do antiformalismo que preside a regulación dos procedementos administrativos na Lei 30/1992, do 26 novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común, por analoxía co disposto no artigo 110 LRJAP respecto dos recursos administrativos.

6º.- Órgano competente para a resolución da reclamación administrativa presentada. Resulta competente para a aprobación e rectificación do Inventario Municipal de bens e dereitos o Pleno do Concello (artigos 278 LALG e 34 RBEL)."

Visto o anterior, o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Economía, Facenda e Patrimonio, na súa sesión do 3 de setembro, ditaminou favorablemente a citada proposta.

(Está ausente a concelleira do Grupo Socialista Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Desestimar a reclamación administrativa previa á vía xurisdiccional civil formulada

por D^a María del Carmen Lago Vidal mediante escrito, con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello do 11.08.2011, ao non resultar procedente á vista dos fundamentos xurídicos recollidos no corpo do presente escrito, a rectificación inventarial solicitada respecto do camiño Canexa, na parroquia de Sampaio, no epígrafe I de bens inmobles do Inventario municipal de bens e dereitos.

4.- PROPOSICIÓNS MENCIONADAS NO ARTIGO 63 DO REGULAMENTO DO PLENO.

Non se presentaron.

Neste intre e en cumprimento de acordo Plenario, a Corporación Municipal e máis todos os presentes no salón de Plenos, postos en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

5.- MOCIÓNS:

5.1.-(154).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG MANIFESTANDO O REXEITAMENTO DA CORPORACIÓN ÁS MEDIDAS REGULADAS POLO RD LEI 20/2012 E INSTANDO Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DAS MEDIDAS NECESARIAS PARA A COMPENSACIÓN DO PODER ADQUISITIVO DOS EMPREGADOS PÚBLICOS. EXPTE. 512/1101

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 1 de agosto, número 512/1101, a concelleira do Grupo municipal do BNG dona Iolanda Veloso Ríos formula a seguinte moción:

“As decisións adoptadas polo Goberno central en materia de política económica están a provocar un agravamento da crise económica. A obsesión por dar unha prioridade absoluta á contención do gasto público, seguindo sen matices os ditados emanados polo FMI, o BCE ou a UE, cada vez máis pregados aos intereses do capital financeiro transnacional, ocasionan tanto unha continua perda de empregos como un empeoramento das condicións de vida das persoas que manteñen o seu

emprego.

Até o de agora, o "programa de reformas" executado polo PP só deu como resultados máis desemprego, unha caída no consumo e na actividade económica, e un maior estancamento do crédito ás persoas emprendedoras, empresas e familias. Ningún sector económico é alleo nestes momentos á crise, porén tampouco se están a elaborar estratexias para reactivar o pulso económico nos mesmos.

A única política definida é a de aplicar continuos recortes en dereitos económicos e sociais conquistados en favor das maiorías sociais. Esa teima amosa como este Goberno está a empregar a crise máis coma un pretexto para avanzar no modelo de sociedade cada vez máis desigual que abandeira a doutrina neoliberal, cunha maior desprotección para as persoas máis desfavorecidas, e ao tempo cun reforzo de privilexios para minoritarias elites sociais. O propio Comité de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais da ONU vén de afirmar, respecto do Estado Español, que "as medidas de austeridade están prexudicando de forma desproporcionada aos grupos desfavorecidos", asegurando ademais que os axustes están a destruír o estado do benestar e provocando un aumento considerábel do número de persoas en risco de pobreza.

O último episodio desta errática política económica constitúeo o Real Decreto-Lei 20/2011, do 13 de xullo, que contén medidas destinadas á minoración retributiva e de dereitos laborais para as empregadas e os empregados públicos, á redución das prestacións por desemprego, á diminución do financiamento do sistema de axuda á dependencia, á liberalización comercial que provocará perdas ao comercio tradicional fronte ás grandes superficies comerciais. Todo iso completado cunha suba fiscal (o IVE) na imposición asociada ao consumo de xeito que se reparten linealmente as cargas contributivas no canto de acometer unha reforma fiscal progresiva sobre as grandes fortunas e patrimonios e as rendas máis altas.

A aprobación de dita norma realizouse dun xeito impropio á relevancia do seu contido. Apenas unhas semanas após de se ter publicado os orzamentos xerais do Estado, e cando a maior parte das administracións públicas xa afrontan os obxectivos e a planificación do exercicio seguinte, o presidente do Goberno do Estado anunciou as medidas, sen diálogo nin consenso previo, que son aprobadas só dous días despois, sen que tampouco as persoas, entidades representativas e mesmo administracións implicadas na súa execución poidan participar en dito proceso.

Unha auténtica imposición que, no caso dos concellos, socava a autonomía local ao pretender facelos partícipes de medidas inxustas, das que moitas corporacións locais discrepan politicamente, polo que supoñen de atacar de novo dereitos consolidados de persoas traballadoras, ademais da súa inutilidade, como xa se ten demostrado.

A nova redución retributiva ás empregadas e aos empregados públicos que se plasma no Real Decreto-Lei 20/2011, imponse dun xeito unilateral, malia que esa medida xa se ten ensaiado noutros momentos dentro de actuacións económicas contra a crise e como resultado deu precisamente o contrario do que se perseguía.

Nada indica na práctica que a redución salarial sobre as persoas traballadoras, entre elas as persoas que desenvolven o seu traballo no sector público, sexa unha medida que contribúe á reactivación económica, ao contrario, aínda resta capacidade adquisitiva á maior parte da poboación co que se resente o consumo e a actividade económica.

No caso concreto do noso concello, estamos seguros de que eliminar a paga extra ás empregadas e aos empregados da administración municipal é unha medida profundamente inxusta e equivocada. Tamén no ámbito local, agravará aínda máis a crise pois reducir o poder de compra das empregadas e dos empregados públicos afectará moi negativamente a pequenas e medianas empresas, ao pequeno comercio, en xeral ao tecido económico deste concello.

Por iso, ante o escenario deseñado polo Goberno do Estado, inútil e errático á hora de recuperar e impulsar a economía como todos os indicadores económicos demostran, ineficaz para asegurar financiamento público e privado dadas as persistentes restricións no crédito, e pertinaz en aplicar reformas cuxo único e real obxectivo consiste en recortar dereitos económicos e sociais das maiorías sociais, é preciso adoptar un posicionamento político unívoco por parte desta Corporación Municipal en contra desa política, alén de articular as medidas que sexan necesarias para evitar a perda de poder adquisitivo das empregadas e dos empregados públicos.

Por iso, pídeselle do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Manifestar o rexeitamento da Corporación municipal ás medidas reguladas polo Real Decreto-Lei 20/2012, do 13 de xullo.

Segundo.- Rexeitar a decisión de impor ás empregadas e aos empregados públicos, particularmente os vinculados aos concellos, novas perdas de poder adquisitivo, que terán un efecto indirecto sobre o consumo no Concello e no tecido económico local.

Terceiro.- Compensar a perda do poder adquisitivo das empregadas e dos empregados públicos municipais, instando á Xunta de Goberno Local a que adopte as medidas necesarias para atinxir ese obxectivo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión do 3 de setembro, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Acabamos de asistir a un debate económico, a un “*rifi-rafe*” político en canto aos prazos de pagamento das facturas e aos números económicos.

Por desgracia os que non van poder pagar as súas débedas, facturas e hipotecas van ser os traballadores e traballadoras desta cidade e deste país que están vendo

como, día si e día tamén, as medidas do goberno do Sr. Feijóo e do Sr. Rajoy están facendo imposible a súa mínima supervivencia económica. Estes son sen ningunha dúbida os grandes afectados por unha crise da que non foron culpables. Estas medidas están facendo que unha vez máis, lonxe de solucionar o tema da crise, aumente o número de desempregados, o número de familias que se atopan no albor da pobreza; que estea aumentando tamén a exclusión social e en definitiva a pouca capacidade que as familias, os pequenos e medianos comerciantes, os nosos empregados teñen para poder subsistir.

Unha vez que se demostrou que todas as políticas de recortes, de austeridades mal entendidas, aquelas políticas de subidas de impostos -iso si, aos menos favorecidos-, aquelas medidas de recortar os dereitos laborais e o poder adquisitivo dos traballadores e traballadoras, unha vez que se demostrou que estas medidas non solucionan senón que empeoran, é por iso que o BNG leva facendo xa dende hai moitos meses unha campaña clara na que puxemos enriba da mesa alternativas e estamos repetindo unha vez máis que outra política económica se ten que dar nesta cidade, neste país e en definitiva en todo o Estado español.

A crise estalle servindo ao goberno do Partido Popular como pretexto claro para incidir nun cambio de modelo social, é o pretexto que ten o goberno Popular coas súas políticas de dereitas para eliminar o estado do benestar e para chegar a un modelo social e económico dunha elite económica por riba da outra gran maioría social.

Falamos nesta moción do RD do 13 de xullo que contén medidas destinadas á minoración retributiva de dereitos laborais para empregadas e empregados públicos.

Empezamos dicindo que os empregados e empregadas públicas son traballadores e traballadoras, non son un elemento á parte. Son traballadores e traballadoras que lonxe de ser culpables da crise levan xa moitos anos padecéndoas con medidas de recortes e de redución do seu poder adquisitivo. Medidas que se tomaron sen ningún tipo de diálogo, sen consenso previo e que se aproban días despois de que os propios gobernantes anuncien que non o van facer. Estas medidas implícanos e obríganos sobre todo aos concellos deste país a adoptar unha serie de medidas para ser cómplices destes recortes económicos cos que o Bloque Nacionalista Galego nunca estará a favor.

O BNG non vai ser cómplice destas medidas e por iso nos concellos onde gobernamos, os nosos alcaldes e alcaldesas, loxicamente sen vulnerar a lei, están poñendo en marcha medidas enriba da mesa tendentes a compensar dalgún xeito esta perda de poder adquisitivo.

Nesta moción pedímoslle ao goberno local que tampouco sexa cómplice desta medida. Sr. Alcalde, non abonda con dicir que o Sr. Rajoy se equivoca porque é certo que se equivoca; non abonda con dicir que estamos en contra destas medidas que se aplican; non abonda con iso. Dentro da potestade que ten o Concello hai que poñer en marcha medidas que dalgún xeito se correspondan con esa negativa, hai que poñer en marcha as medidas para que os nosos empregados e empregadas públicas poidan manter o seu poder adquisitivo. Sr. Alcalde e goberno local, hai fórmulas para lles dicir aos do Partido Popular que nós non imos seren cómplices desas medidas que gravan as economías destes traballadores e traballadoras, medidas como as que se están poñendo en marcha noutros concellos e noutros lugares.

Iso é o que o BNG pide nesta moción que na miña seguinte intervención explicarei máis polo miúdo.

SR. LÓPEZ FONT: O Partido Popular é o máximo responsable do engano masivo que se produciu en España. Todas as promesas electorais feitas para as eleccións de novembro de 2001 quedaron no camiño. Para saber o que fixo o Partido Popular só abonda coñecer o que prometeron porque fixeron xusto o contrario, daba o mesmo que falasen de IVE ou de IRPF, a súa política de agresión aos dereitos conquistados non ten en trinta e cinco anos de democracia situación similar.

O Partido Popular non creu xamais nos empregados públicos, aos recortes de carácter xeral que aplicou a toda a sociedade, engadiu recortes específicos para os empregados públicos e para os deste Concello tamén. Nas festas do Nadal haberá dous tipos de vigueses: os que teñan paga extraordinaria e os que non. Esta é a política do Partido Popular que xa levaba a cabo neste Concello e nesta cidade cando gobernaba.

A medida de agresión é en principio para os empregados públicos, pero non nos enganemos porque é para a toda a sociedade. A sociedade debe analizar o que significa este recorte salarial aos empregados públicos. Esta paga extraordinaria

representa neste Concello 2,5 millóns de euros, pero para toda cidade de Vigo, que ten en torno a uns 20.000 empregados públicos, significa case 38 millóns de euros. É dicir, nestas festas do Nadal nesta cidade se van consumir 6.700 millóns de pesetas menos, e dígo así porque ao Sr. Figueroa lle encanta converter os euros en pesetas.

A quen afectará esta situación? A todos os vigueses, non só aos empregados públicos aos que agride directamente o goberno; vai afectar aos mozos que atopen un emprego temporal con motivo das festas do Nadal, aos taxistas, aos hostaleiros, ao comercio... Insisto, serán 6.700 millóns de pesetas menos que se van consumir nestas festas do Nadal e que van afectar a todos os sectores económicos.

O Partido Popular realiza unha política de terra queimada. É moi fácil chegar e dicir que como o inmediato é a paga extra de decembro, se recorta e punto. Pero hai algo moi importante que non teñen en conta: a autonomía municipal. Non teñen en conta como están as finanzas de cada Concello das que se falou antes. Isto fano así porque quedarían en evidencia a diferenza de cando houbo un plan de rescate para os concellos. Se este Concello si puidese pagarlles a paga extraordinaria aos seus empregados dentro da autonomía municipal, non o poderían facer así gobernos autonómicos e concellos do Partido Popular.

Afirmo aquí que se o Partido Popular respectara a autonomía municipal este goberno e o alcalde de Vigo nunca tomarían a decisión de privar aos empregados públicos da paga extraordinaria. A diferenza é que o alcalde de Vigo dende o día seguinte ao de tomar posesión como alcalde faloulles aos empregados públicos e aos seus representantes claramente sobre a situación e sempre que puidemos recollemos nos orzamentos políticas de mellora das condicións económicas dos empregados públicos, pero tamén das súas condicións de traballo. O Partido Popular conduce cara unhas normas moi estritas e cara atar de pes e mans aos concellos.

Imos apoiar a moción que presenta o Bloque Nacionalista Galego e entrando no que dixo o Sr. Domínguez Olveira, teño que dicir que nós tampouco queremos ser cómplices.

Sinxelamente presentamos unha emenda de engadido para que ao final do punto terceiro se diga: "sempre con escrupuloso respecto á lei e ás normas".

Propoñemos isto e agardamos que se acepte e sobre todo agardamos que o Sr. Fidalgo vote favorablemente esta moción porque el di que é concelleiro de Vigo,

que fala de Vigo e non fala nin doutros gobernos, nin doutros a quen defender. Maxino, Sr. Fidalgo, que agora non sairá na defensa de Rajoy nin de ninguén, que sairá en defensa dos empregados públicos. Polo tanto estou seguro, a xulgar polo que vostede dixo, que o Partido Popular tamén apoiará esta moción.

SR. FIGUEROA VILA: É moi fácil facer demagoxia cos números pero, señores do Partido Socialista, estamos nesta situación polo malgasto e pola xestión do goberno anterior. A verdade é que hai cinco millóns de parados, un déficit real do 8,5 e non do 6%, son os 26.000 millóns a pagar en intereses de débeda, un déficit tarifario de 24.000 millóns de euros, unha débeda de Fomento de 40.000 millóns, unha débeda sanitaria de 16.000 millóns de euros, tamén é que o Partido Socialista subiu o IVE do 16 ao 18%, que fixo unha conxelación de pensións por primeira vez na historia, que baixou o salario dos funcionarios o 5%, que atrasaron a xubilación aos 67 anos, que subiron a luz o 60%, que no ano 2011 o gasto das administracións públicas foi de 468.000 millóns de euros e os ingresos de 370.000 euros, primeira cifra que vostedes non queren recoñecer cando o ano pasado o conxunto das administracións gastou 91.344 millóns de euros máis do que ingresou.

Estas son algunhas das realidades. España ten unha débeda externa de máis de 90.000 millóns de euros e, en definitiva, podería seguir con todas esas realidades que algúns non queren aceptar. A realidade é que vostedes fixeron unha xestión nefasta que agora hai que corrixir.

A realidade, Sr. López Font, é que neste Concello cando chegou o Partido Popular a gobernar no ano 2003 había unha débeda de 107 millóns de euros e cando vostedes entraron a gobernar no ano 2007 esa débeda era de 46 millóns de euros. A 31 de decembro do ano 2012 esa débeda vai ser de 80 millóns de euros.

Estas son as realidades en números e é a situación na que se atopa este país, a situación de creba que se atopou o Partido Popular. É como fan sempre vostedes que cando gobernan nunha administración xeran déficit e malgasto e ao final teñen que o resolver os que veñen detrás.

Por suposto que as medidas son duras pero teñen como principal obxectivo garantir a viabilidade das institucións e tamén a do emprego. Sería moi fácil para o goberno facer unha xestión sen pensar no pasado de non seren esta a herdanza que vostedes deixaron. Saben perfectamente que lles rebaixaron o salario aos

funcionarios o 5% ou que o déficit que dixeron que deixaban era do 6% e foi do 8,5%. Todos estes datos son os que levan a que un novo goberno teña que tomar decisións para salvar a situación económica na que nos atopamos.

Pero non só foron estas as medidas adoptadas, senón que tamén os membros do goberno se reduciron un 7% os salarios, reducíronse 600 millóns de euros aos ministerios, un 20% aos partidos, 20% ás organizacións empresariais e sindicais. Estes recortes son solidarios para que entre todos sexamos capaces de resolver a situación económica que vostedes nos deixaron.

Pero o que está claro é que a situación máis grave de todas estas é a dos cinco millóns e medio de parados. Iso segundo vostedes non aconteceu pola xestión do Partido Socialista, pero o que si é certo é que o Partido Socialista está totalmente implicado neste tema.

Ao Bloque Nacionalista Galego só dicirille que a teoría moi ben pero na práctica vostedes apoiaron cinco orzamentos do goberno central, é dicir, apoiaron as políticas económicas e todas as que aplicou o Partido Socialista durante os últimos cinco anos. Ininterrompidamente vostedes votaron a favor dos últimos cinco orzamentos e polo tanto son cómplices da situación que lle deixaron neste país ao goberno actual.

Todas estas medidas que son duras, son inevitables. Eu agardo que se poida recuperar o poder adquisitivo e a situación dos traballadores e dos funcionarios porque ese é o labor que todos temos entre mans.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Sr. Figueroa, se tan mal estaba todo o que deixaron os socialistas, por que o Sr. Rajoy se presentou ás eleccións? Presentouse enganado? Vaia por Deus. A verdade é que temos un presidente que se deixa enganar e que semella que lle supera a realidade.

Pero non hai ningún problema porque vostedes teñen outro presidente, o presidente da Xunta que tamén dixo que o anterior bipartito malgastara e dixo que ninguén se preocupara porque en corenta e cinco días el arranxaría todos os problemas. Seica Rajoy é de inferior calidade ca o Sr. Feijóo porque van máis de corenta e cinco días e non o solucionou.

En Galicia temos moi claras as políticas do Sr. Rajoy e do Sr. Feijóo. Vostedes falan do malgasto do anterior goberno bipartito onde efectivamente estaba o Bloque

Nacionalista Galego, pero eu doulle o dato de que, malia os recortes e a “política de austeridade”, nestes momentos Galicia está moito máis endebedada do que estaba cando rematou o goberno bipartito. Outro dato é que Galicia nestes momentos decrece e ten máis parados ca media nacional, é dicir crece o número de parados por riba da media nacional. Iso non será culpa de ninguén, será culpa das políticas do Partido Popular.

Pero aquí estamos falando dos empregados e das empregadas públicas e por iso eu vou ler a nosa moción que di claramente “Rexeitar as medidas reguladas no Decreto do 13 de xullo. Rexeitar a decisión de impoñer ás empregadas e aos empregados públicos, particularmente aos vinculados aos concellos, novas perdas de poder adquisitivo e compensar esa perda do poder adquisitivo instando á Xunta de Goberno Local a que adopte as medidas necesarias” e por suposto, Sr. López Font, cumprindo a lei, só faltaría. Pero cumprindo a lei, Sr. Alcalde, póñanse mans á obra porque hai fórmulas como a de adiantar a paga extra a xaneiro como están facendo ou o van facer noutros lugares; hai fórmulas retributivas para paliar estas perdas de poder adquisitivo. Póñanse mans á obra.

Eu non son tan optimistas coma vostedes porque do Partido Popular non espero o voto a favor desta moción, sobre todo porque está claro que cando o Sr. Figueroa fala non o fai no nome dos concelleiros de Vigo, está falando sempre no nome de Feijóo e do Sr. Rajoy e polo tanto non agardo ese voto favorable.

A PRESIDENCIA: Sr. Domínguez Olveira, entendo que acepta a emenda que lle propón o Sr. López Font.

En relación con esta moción debo dicir que imos convocar ao Comité de Empresa do Concello para lle propoñer a constitución da Mesa de Negociación coas catro centrais sindicais para os efectos de estudar medidas para resolver esta situación con cumprimento da lei.

Así mesmo poñer de manifesto o noso rexeitamento e dicir que iniciaremos o diálogo inmediato para resolver esta inmensa inxustiza que castiga aos empregados públicos deste Concello a non percibir a paga extra á que teñen dereito.

Hoxe mesmo convocarei ao Comité de Empresa, despois á Mesa de Negociación e manteremos contacto co BNG para os efectos de atopar unha solución a este

problema.

Emenda formulada polo voceiro do Grupo Socialista, Sr. López Font, por escrito de data 10 de setembro:

Engadir ao apartado terceiro do acordo: “sempre con escrupuloso respecto á Lei e ás normas”.

Coa conformidade da relatora da moción, Sr. Veloso Ríos, a Presidencia somete a votación xuntamente co texto da moción a anterior emenda do Grupo Socialista.

(Está ausente a concelleira do Grupo Socialista, Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN E ACORDO: Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectúase unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte acordo:

Primeiro.- Manifestar o rexeitamento da Corporación municipal ás medidas reguladas polo Real Decreto-Lei 20/2012, do 13 de xullo.

Segundo.- Rexeitar a decisión de impor ás empregadas e aos empregados públicos, particularmente os vinculados aos concellos, novas perdas de poder adquisitivo, que terán un efecto indirecto sobre o consumo no Concello e no tecido económico local.

Terceiro.- Compensar a perda do poder adquisitivo das empregadas e dos empregados públicos municipais, instando á Xunta de Goberno Local a que adopte as medidas necesarias para atinxir ese obxectivo, sempre con escrupuloso respecto

á Lei e ás normas.

5.2.-(155).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A DERROGACIÓN DA LEI 9/2012 QUE GRAVA O CONSUMO DA AUGA NO TERRITORIO DE GALICIA. EXPTE. 519/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de agosto, número 519/1101, o concelleiro do Grupo municipal Socialista, Sr. Regades Fernández, formula a seguinte moción:

O un de xullo do presente ano entrou en vigor o canon da auga e o coeficiente de vertedura creados pola lei 9/2010 do 4 de novembro, de Augas de Galicia. Este feito supón un incremento moi importante no canon da auga dos particulares e dos industriais.

Por todo isto solicitamos,

ACORDO:

Instar á Xunta de Galicia a derrogar a Lei 9/2012, que grava o uso e consumo da auga no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.”

A comisión informativa de Fomento, na súa sesión do 3 de setembro, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. REGADES FERNÁNDEZ: Estes días vimos como se incrementou a tarifa da auga de todas as viguesas e vigueses debido ao novo canon de auga proposto e aprobado pola maioría absoluta do Partido Popular na Xunta de Galicia.

Este novo canon dispón dunha cota fixa e a súa existencia supón unha parte fixa importante que pagarán o mesmo tanto os que consuman 1m³ ca os que consuman 12 m³ bimestrais. Con isto entendemos que cando o Partido Popular goberna noutras cidades e cando goberna na Comunidade Autónoma usa un criterio distinto do que ven reclamando á cidade de Vigo.

O incremento do canon da auga da Xunta de Galicia supón o aumento do 36% do canon que viña cobrando ata a actualidade, supón un incremento do 6% da facturación en total e iso para todos os domicilios, para todas as familias de Vigo,

porque se falamos dos pequenos industriais ou dos pequenos negocios que antes estaban exentos desta tarifa e que se tarificaban como se fosen domicilios, agora pasan seren penalizados e este canon sóbelles un 106%. Un 106% para os pequenos industriais nun momento de crise tan importante. Estas son as medidas que toma o Partido Popular para apoiar ao tecido produtivo da cidade de Vigo. As pequenas empresas, restaurantes, cafeterías, as pequenas tendas pasarán pagar un 8% máis na tarifa.

Dicíanos estes días o Sr. Figueroa a través dos medios de comunicación que as facturas non estaban sendo incrementadas e que non entendía como o goberno da cidade lle mandaba unha carta a todos os vigueses indicándolles que se cambiaría a tarificación das facturas. Isto explícase porque nós somos un goberno transparente e queremos que cando se fai un cambio toda a cidadanía o coñeza e tamén por que se fai.

Ese día o Sr. Figueroa amosaba dúas facturas da auga, unha coa tarifa anterior e outra coa actual; dicía que non só non se incrementaba senón que se beneficiaba ao consumidor e que se baixaba.

Como sempre o Sr. Figueroa mentía e era corrixida por compañeiros de seu da Xunta de Galicia: a delegada da Xunta en Vigo e o representante de Augas de Galicia dicíanlle que se subía o recibo dos contribuíntes en toda Galicia, ao 70% dos contribuíntes. A media das familias ven incorporado o canon e aumentados os seus recibos nun 6% e os pequenos industriais nun 8%.

Vostede trae dúas facturas e eu outras dúas, as miñas están sacadas do estudo da Xunta de Galicia co que subiu o novo canon e nel se dicía, que non o di o goberno local, que “A factura media que se fai en Galicia é de 15 m³ ás familias de 3, 4 e 2 membros por familia”. Isto está sacado dos estudos da Xunta, pero vemos como nestas dúas facturas que teño, unha do bimestre anterior e outra do actual, a actual sobe o 6%. Estes son datos que se sacan dos seus estudos.

Que dúas facturas nos sacaba o Sr. Figueroa? Eran as da xente que se beneficia deste canon da Xunta do Partido Popular que volve beneficiar aos ricos, aos que máis teñen. Nós, como xa dixo onte o Comité Federal do noso partido, imos realizar políticas activas para que paguen máis os que máis teñen. Vostede amosou unhas facturas, Sr. Figueroa, e fíxoo ben porque dixo que o consumo que tiñan era de 7 m³, seguramente coma o da súa casa de Vigo que ten pechada porque vostede, Sr.

Figueroa, como moitos do Partido Popular vive fóra de Vigo. Pero os que temos as casas en Vigo abertas sabemos que o consumo medio das familias de Vigo supera os 12 m³ e ao superar esa cantidade a todos nos sobe a tarifa entre o 6 e o 12%. Nós queremos que a Xunta de Galicia, vostedes que son do Partido Popular, da mesma cor que goberna nestes momentos na Xunta de Galicia, retiren este canon. Cremos que non se pode seguir castigando ás familias de Vigo e ás familias galegas.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Ao Bloque Nacionalista Galego nos gustaría que se debateran conxuntamente as dúas mocións porque coidamos que se evitaría repetir debate e lamentamos que o Partido Popular non o queira así.

O Partido Socialista presenta esta moción para pedir o rexeitamento do canon da auga ao igual que xa o pediu o BNG neste Pleno e así se aprobou, como tamén o Partido Popular, ao igual que fixo o BNG, pediu un novo sistema de tarifa da auga na propia cidade e así se aprobou. Non entendo por que non se poden debater as mocións conxuntamente porque ao fin e ao cabo é o mesmo.

Sr. Regades e señores do Partido Popular, o problema non está no 6% ou nos metros cúbicos, o problema é por que nun país que ten excedencia de auga e que nunca gravou un consumo dun ben coma é a auga que nós obtemos, é necesario aplicar un imposto precisamente á auga. Non entendemos porque isto é un imposto. Este é un imposto que a Xunta de Galicia única e exclusivamente por afán recadatorio incorpora e polo tanto grava as economías familiares.

O Sr. Regades mencionou dúas facturas sacadas dun estudo da Xunta de Galicia, pero eu teño aquí dúas facturas reais que non sacadas dun estudo, están sacadas dunha familia viguesa de tres membros e onde esa mesma familia pagaba polo canon do anterior bimestre 2,72 euros, agora neste novo recibo vai pagar 3,84 euros. Estas son unhas facturas reais dunha familia viguesa con tres persoas-consumidores.

O problema está en primeiro lugar en que este imposto é absolutamente innecesario, non cumpre coa premisa que nós sempre defendemos de premiar aos aforradores, premiar o aforro no consumo e castigar o consumo excesivo. Non estamos dispostos a aceptar unha tarifa que premie a aquelas persoas que teñen os seus pisos baleiros, que non os teñen ocupados e castiguen precisamente a unha

familia de tres, catro ou cinco membros. Non aceptaremos nin o canon da Xunta nin ningún sistema de tarifas que grave precisamente as economías que máis necesitamos protexer.

Por iso permítanme, señores do Partido Popular, que lles diga que a súa postura neste tema é dun descaro político total porque lle esixen ao goberno local que cambie o sistema de tarifas, pero non din nin unha soa palabra en contra dun imposto gravoso e inxusto que a Xunta de Galicia lle aplica ás nosas familias.

Sr. Fidalgo, son vostedes concelleiros de Vigo? Do seren, díganlle ao seu goberno que non queren que as familias viguesas teñan que pagar máis pola auga.

É un descaro político cando o Sr. Figueroa e máis o Partido Popular repiten unha e outra vez que hai que cumprir os acordos plenarios. Vostedes, señores do Partido Popular, están absolutamente xa deslexitimados para sempre para pedir que este goberno cumpra os acordos plenarios. Nós imos seguir esixíndoo, pero vostedes están deslexitimados porque esta Corporación aprobou por maioría que se derroque este canon da auga e vostedes non defenden un acordo tomado por maioría nesta Corporación. O único que fan aquí é servir de xustificación para as políticas económicas inxustas da Xunta de Galicia que están gravando, como ben se ve nuns recibos reais, as economías. Repito que estou falando dunha familia con tres persoas na súa unidade familiar. Esta é a realidade.

Esixan, como nós fixemos e faremos, o cambio de tarifas da auga na cidade de Vigo, pero esixan tamén ao seu goberno que derroque este canon e verán como entón si esta familia de tres membros verá reducido o que ten que pagar no seu recibo.

SR. BERNÁRDEZ DE DIOS: Señores do Partido Socialista e do BNG, o que vostedes solicitan nesta moción que se presenta nesta sesión plenaria, saben perfectamente que non é asumible en tanto en canto se trata, e hai que o deixar moi claro, dunha obriga que ven de Bruxelas en aplicación dunha Directiva marco da auga aprobada pola Unión Europea e de forzosa transposición á lexislación estatal e autonómica que vostedes, os socialistas e os do BNG, tiveron gardada a cal e canto no caixón durante catro anos pola súa irresponsabilidade política; queimáballes na man. Non me estraña que logo, ao chegaren o Sr. Rajoy ao despacho do Sr. Zapatero, se atope cun “*pufo*” de máis de 35.000 millóns de euros. Así se traballa e se exerce a

responsabilidade en política.

Vostedes non son precisamente un exemplo a seguir nin en España, nin en Galicia, nin en Vigo cando presentan mocións deste tipo pedindo a eliminación dun imposto cando teñen o récord de cobrar a auga máis cara de Galicia e iso que é a mesma en Vigo, no Ferrol, en Forcarei, en Salceda..., en calquera lugar deste país.

O descaro chega ata o punto de apropiarse da auga que consumimos todos os vigueses e darlle o cobramento a unha empresa que se frega as mans cada vez que xira un recibo a un cidadán deste Concello. Todo porque o alcalde decide unilateralmente concederlle cinco anos máis de liberdade de contrato e que non se modifique o recibo da auga a cambio de beirarrúas.

O canon da auga que substitúe ao canon de saneamento que xa ven reflectido nos recibos de Aqualia, non é un imposto novo, xa existía. Representa dous euros nunha factura de algo máis de trinta euros que como mínimo pagamos todos os vigueses. Vostedes como sempre, coa rigorosidade que lles caracteriza, falan dun 8% de subida, o Sr. Regades acaba de falar dun 7%, dun 6%, dun 106%... Perdémonos, Sr. Regades, vostede como empregado de Aqualia non tería prezo.

Este canon, que é o segundo máis barato de España e que non pagarán nin os pozos, nin as traídas particulares, nin as familias en risco de exclusión social e no que terán unha bonificación do 50% as familias numerosas, suporá un 30% menos do que pagarán moitos galegos. Ademais de todo isto o que se recade vai ter unha finalidade para obras hidráulicas, todo o contrario do que sucede co recibo da auga, co recibo de Aqualia, co recibo de Caballero no que se cobra pola auga e o alcalde dille á concesionaria que a finalidade ten que ser para cambiar beirarrúas. Esta é a realidade dun imposto do canon da auga e dun recibo como o que pasa Aqualia.

Esta é a diferenza entre un goberno responsable e serio como o da Xunta de Galicia e un grupo de concelleiros que non teñen maioría, gobernados por un alcalde ao que só lle preocupan os votos.

Dende o Partido Popular defendemos un uso racional da auga, onde pague quen máis consume e dende un punto de vista equitativo, progresivo e social e no que se establezan tramos e se eliminen os mínimos de tarifa.

Pedímoslles polo tanto que non tenten confundir aos cidadáns con este canon que é unha parte mínima do recibo da auga e que o gordo, a tallada, é o que teñen que modificar vostedes: o recibo de Aqualia, o recibo de Caballero, para que os vigueses

e viguesas paguemos por consumo real.

En cinco anos que levan gobernando non moveron nin un dedo para lle dicir a Aqualia que hai que modificar o recibo. Esta é unha realidade que se pode constatar e da que tamén debateremos máis tarde.

Atopámonos diante dunha situación esperpéntica na que cada día concelleiros, do goberno socialista sen maioría desta cidade, saen anunciando incrementos de impostos, saen reflectindo e incidindo en cantidades, en tantos por cento que en ningún caso se van reflectir nese recibo.

Non teñen ningunha autoridade, señores do Partido Socialista, no que están solicitando e moito menos un alcalde que di pertencer ao colectivo medioambiental de cidades polo clima e que en cinco anos non presentou un uso racional da auga na súa cidade. Iso si presentou e asinou unha ampliación de contrato para seguir cobrando máis pola auga de Vigo como en ningunha outra cidade de Galicia.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: “Miguel Angel Álvarez, fundador do Partido Popular en Vigo, acusa ao goberno de Manuel Pérez, alcalde do Partido Popular da cidade de Vigo, de estafa reiterada na adxudicación dunhas obras á súa empresa e logo retiradas por valor de 50 millóns de pesetas por pagar débedas derivadas da campaña electoral do Partido Popular en 1995”, todo isto vinculado ao contrato e obras de Aqualia. Esta información aparece en El País do martes, 10 de novembro de 1998. Que vostedes teñan chamonadas coas empresas non quere dicir que o resto dos gobernos as teñan. Nós somos un goberno serio e sensato.

Falou de obrigas de Bruxelas. Si, xa sabemos que vostedes fan caso a todo o que lles diga a Sra. Merckel, pero eu lles volvo dicir que nós lles instamos a que retiren o canon da auga porque noutras comunidades se está aplicando de distinta forma e pedimos que o que se aplica noutras comunidades se aplique aquí igual. Vemos que as políticas para saír da crise da Francia gobernada por un socialista son distintas ás de Mariano Rajoy aquí.

Dixo tamén que esta ordenanza estivo gardada dous anos nun caixón. Foi porque non se atrevían a aplicala xa que se aprobou no Pleno do Parlamento hai dous anos. Cando vostedes din que esta é a auga máis cara de toda Galicia volven mentir, pero a iso estamos acostumados. Móstrolles un gráfico sacado do Faro de Vigo que nos demostra que a auga na provincia de Pontevedra é máis cara ca na cidade de Vigo.

Pero voules dicir máis. Permitinme o luxo de pedir unha factura real da auga da cidade da Coruña e pregunto, por que a Xunta de Galicia do Partido Popular lle regala a depuradora de Bens e non a repercute na tarifa dos coruñeses e os vigueses si temos que ter repercutido o custe, funcionamento e mantemento da depuradora de Vigo? Seguramente que a vostedes lles interesa máis a Coruña ca Vigo. Creo que xa que a defenden tanto, señores concelleiros do PP, deberían presentarse pola cidade da Coruña e non pola de Vigo.

Teño aquí unha factura real da auga da Coruña que todos vostedes poden ver. Por que a depuradora de Bens está funcionando e non se lles cobra aos coruñeses? Por que o custe do investimento, o funcionamento, etc., llo paga á cidade da Coruña a Xunta de Galicia do Partido Popular? E todo iso coa súa complicidade porque vostedes non cren nesta cidade.

En canto á que a finalidade do canon son os investimentos de obras hidráulicas na cidade de Vigo, Sr. Bernárdez, non deixa de me sorprender, se o tema non fose tan serio eu preguntaría: onde están nesta cidade os catro millóns que levamos pagando durante os últimos dez anos, un total de corenta millóns de euros? Non están por ningures, estes cartos usáronse fóra da cidade de Vigo.

(Está ausente a concelleira do Grupo Socialista, Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN E ACORDO: Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectúase unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte acordo:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo Socialista, Sr. Regades

Fernández, instando á Xunta de Galicia a derogación da Lei 9/2012 que grava o consumo da auga, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

5.3.-(156).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A SUSPENDER A ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES ALLEAS Á FINALIDADE PROPIA DO MUSEO DO MAR NAS INSTALACIÓNS DO DITO MUSEO. EXPTE. 520/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de agosto, número 520/1101, o concelleiro do Grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte moción:

“No Museo do Mar de Galicia, xestionado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, prográmanse frecuentemente actividades que non teñen relación co obxecto deste centro cultural e que procuran unha repercusión mediática que oculta a falta de actividade que tería que desenvolver.

Nos últimos tempos téñense realizado, por exemplo, reunións de Alcaldes do Partido Popular, actividades de presentación e complementaria da Volta Ciclista a España e outras impropias do Museo do Mar, na maior parte das veces promovidas pola Deputación Provincial de Pontevedra (que dispón de espazos propios na cidade de Vigo); o que ven supoñendo unha clara orientación partidista no uso do Museo en beneficio da promoción de dirixentes do Partido Popular

Mentres a actividade do Museo do Mar de Galicia está estancada, prorrogando sucesivamente o prazo das exposicións, acollendo actividades de artes plásticas ou musicais e destacando a ausencia dun labor significativo no ámbito que lle corresponde que é a difusión e a investigación das temáticas do mar, especificamente de Galicia.

E por iso, polo que o Grupo Municipal Socialista propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Instar á Xunta de Galicia, como administración titular do Museo do Mar de Galicia (Alcabre, Vigo), a que se suspenda a utilización de actividades de promoción partidista nese centro e a que se desenvolva un programa significativo de difusión e investigación das temáticas relacionadas co mar de Galicia, por lle ser unha finalidade propia.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión do 3 de setembro,

ditaminou favorablemente a anterior moción.

A Sra. Abelairas Rodríguez procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

DEBATE.- SRA. VELOSO RÍOS: Nós estamos de acordo coa preocupación que pode amosar calquera cidadán desta cidade coa situación do Museo do Mar de Vigo. A verdade é que sinceramente non nos centraríamos no uso que se pode cualificar de partidista e que sempre está no límite. Cando os gobernos utilizan os espazos públicos é moi doado facer demagogia. Pódese dicir que hai un uso partidista do Museo do Mar cando o utiliza o goberno da Xunta, ao igual que se pode dicir que se fai un uso partidista do Auditorio municipal cando o utiliza o goberno da cidade.

Digamos que non é a nosa maior preocupación. Evidentemente hai unha situación moito máis preocupante no Museo do Mar porque alí hai unha falta de actividades realmente preocupante, hai sobre todo hermetismo.

Antes se discutiu sobre a boa xestión dende as administracións, pero non podemos dicir se hai unha boa ou mala xestión do Museo do Mar porque directamente non se sabe que pasa alí, non se sabe como se utilizan os cartos destinados á súa xestión. Si sabemos, por exemplo, que o Museo do Mar conta cun acuario que estivo pechado entre os meses de outubro de 2011 e marzo de 2012, a razón de 7000 euros ao mes de mantemento mentres estaba pechado porque non cumpría coas condicións para ter a licenza de apertura. Iso si é preocupante.

Preocúpanos que haxa unha ausencia de actividades culturais propias relacionadas coa temática do Museo do Mar, fronte á promoción de actividades puramente mercantís. Realmente se se busca información en internet ou vai directamente ao Museo do Mar, o que funciona alí é un restaurante e unha tenda de artesanía, ademais se desenvolven actividades musicais como concertos varios, pero non se promove nin moito menos o contido do Museo do Mar.

Claro que hai un uso político. O primeiro uso político, iso preocúpanos bastante máis, é o cesamento dun director por cuestións políticas para colocar outra persoa que non está dando información sobre a situación do Museo do Mar.

Preocúpanos tamén que haxa un recorte orzamentario brutal para este ano. Agora mesmo o orzamento do Museo do Mar non chega ao millón de euros.

Retomando o exemplo do acuario do que falaba ao principio, o mantemento por dous anos do anterior contrato era de 497.640 euros. O último contrato de mantemento que fixo a Xunta de Galicia para os dous vindeiros anos é de 173.727 euros, é dicir, son 320.000 euros menos para o mantemento do acuario.

Iso si que é preocupante porque ademais a situación das instalacións culturais desta cidade é realmente terrible. Vemos que o Partido Popular dende a Xunta de Galicia fai isto co Museo do Mar e ademais se sae doutros museos da nosa cidade; vemos o problema que temos co Museo do Marco, por exemplo, coa absoluta falta de apoio por parte da Xunta de Galicia e da Deputación de Pontevedra. Pero tamén vemos como todos os museos municipais pechan polas mañás.

Acaban de presentarnos no mes de xullo un novo horario dos museos da cidade que realmente é preocupante. Por exemplo a Pinacoteca abre ás seis da tarde, nunha cidade na que sen ir máis lonxe hai tres días tivemos tres cruceiros. Os cruceiristas soben polo Casco Vello e atópanse a Pinacoteca pechada. Os cruceiros marchan ás catro e a Pinacoteca abre ás seis da tarde.

Como da Pinacoteca podemos falar da situación do Verbum ou do Museo Quiñones de León. Iso é o que nos preocupa.

Ao BNG gustaríalle que o Partido Socialista e o Partido Popular se dedicasen máis a preocuparse da situación dos museos, de ofrecer cultura á cidadanía, ca dos usos partidistas ou non porque esta é a leira de sempre.

Sinceramente si que nos preocupa a situación do Museo do Mar, por suposto, ademais polo que nos toca como goberno na Xunta de Galicia e polo que fixo o BNG polo Museo do Mar. Preocúpanos sinceramente ese recorte brutal nos orzamentos do Museo do Mar; preocúpanos moito máis ca outras cousas.

Por iso chamamos a atención do Partido Socialista para que tamén se preocupe por iso e tamén pola situación do resto dos museos da cidade.

SR. FIGUEROA VILA: Esta moción é esperpéntica porque vemos que, por exemplo, o Centro de Artesanía Tradicional, o Arquivo Pacheco e o Museo Liste non teñen actividade, o Centro de Fotografía non abre, a Pinacoteca abre de 18 a 21 horas e o Verbum é como se non existira. Alguén, responsable do goberno que ten todo isto en inactividade permanente, pode facer unha pregunta e dicir que non se fagan actividades nun museo?

Onte ás 11,30 horas: “En Vigo o voceiro nacional do BNG, Guillermo Vázquez, interveu no acto pola igualdade por Galicia no Verbum”. A nós parécenos ben que o faga. Por que un responsable político non pode ter unha actividade nun recinto cultural ou social da nosa cidade? Hai que protestar por iso? Hai que chegar á mesquindade, a ser tan ruín para lle negar a un responsable político lexitimado, que representa ao pobo, que faga unha actividade se hai espazo, se o paga e se ten as portas abertas para que poida acudir xente? A min paréceme francamente ben. Como tamén me parece ben que o alcalde utilice o Auditorio para as súas actividades políticas e que no centro de Caixanova se poidan facer actividades políticas, así como nos hoteis.

Teño a sensación de que chegamos a ser moi ruíns. De verdade sigo sen o entender.

Sra. Veloso, non se cesou ao xerente do Museo do Mar. Eu tiven unha conversa con el e seino. Chegou un momento que el considerou que tiña outros obxectivos e iniciativas fóra do Museo e por iso se foi.

Con respecto ao que di a Sra. Abelairas de que non realizamos actividades no Museo, teño que dicir que por suposto que as realizamos, por que non as imos facer? Realizámolas en todos os centros que nos deixan. Facemos actividades no centro social de Caixanova, en San Roque, na Estación Marítima, en hoteis cando non temos outra posibilidade, o Verbum tamén nolo cederon un par de veces aínda que logo non o utilizamos pero tamén podemos facer alí actividades. Creo que é o máis normal.

Sra. Abelairas, do que vostede se tiña que preocupar é do Centro de Artesanía, o Arquivo Pacheco, Museo Liste, Centro Fotografía, Pinacoteca, por recuperar o Verbum, por lle dar actividade ao Pazo de Congressos que está sen ela, polo Auditorio deste Concello... Coido que canta máis actividade teñamos na nosa cidade será moito mellor.

Por certo, tamén lle digo que dende outras administracións queremos colaborar. Do Museo do Mar, que é un sitio onde se poden facer moitas actividades cidadás, á parte das vinculadas ao Museo, o primeiro que hai que dicir é que vostedes o tiveron abandonado. Deberon tirar a casa ao seu carón que pertence ao Museo e facer polo menos un aparcadoiro para que a xente que vai aló poida utilizar ese recinto. Penso que é un lugar máis ao que lle temos que dar actividade.

Quérolle explicar aos xornalistas e á cidadanía que isto é un ataque á Deputación e non ao Museo do Mar porque a Deputación fai actividades e ultimamente fixo máis no Museo que noutro lado. Pero sería igual se fixésemos actividades na Estación Marítima, en San Roque ou no Verbum, atacaríannos exactamente igual porque detrás da incompetencia de que todos estes centros estean pechados, búscase a argumentación da confrontación para xustificar a incompetencia e a inactividade de moitos centros que ten esta cidade.

Nós utilizamos todos os centros que estean ao noso dispor, culturais, sociais ou veciñais, porque facemos actos e imos continuar facendo esas actividades.

Sra. Abelairas, con todo o cariño: preocúpese un pouco máis de todos estes centros que acabo de enumerar que son importantes para a nosa cidade porque, como dicía a Sra. Veloso, a Pinacoteca está aberta cando marchan as máis de quince mil persoas que están na cidade. Teña polo menos habilidade e se sabe que ese día vai haber cruceiros ábrana pola mañá ou con outro horario e dean a información correcta.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Gracias polos seus consellos, Sr. Figueroa, pero seguindo con esa oferta de colaboración pola súa parte, empecen por colaborar coa cultura e non subir os impostos nese eido como acaban de facer, empecen tamén por pagar para que nós lles poidamos dedicar máis cartos aos nosos museos, colaboren co MARCO porque vostedes formaban parte desa Fundación. Ou sexa que pouco que dicir.

Para o que non se debe utilizar o Museo do Mar é para enterrar a Área Metropolitana. Foi un pouco forte. Non compare vostede un acto determinado cunha reunión de alcaldes do Partido Popular. Fíxese que é a utilización do Museo do Mar para enterrar a Área Metropolitana de Vigo, utilizárono para iso e de aí a nosa proposta.

Di que queren colaborar. Colaboren e en vez de gastar un millón de euros nun partido de fútbol, como acaban de facer, colaboren coa cultura. Esa cantidade é a que nos fai falla para o Marco e así nós poder dedicar cartos a outras actividades.

Claro que hai que abrir os espazos públicos para distintas actividades, pero non para os utilizar de forma partidista. Por certo, Sra. Veloso, nunca se utilizou de forma partidista o Auditorio Municipal para un acto concreto dun partido político;

puido ser en época electoral que iso é obriga de todos. Pero utilizar o Museo do Mar para enterrar a Área Metropolitana é un pouco forte, para se reunir os alcaldes do PP porque se poderían reunir na súa sede. Foron os alcaldes do Partido Popular os que se reuniron no Museo do Mar. Reuníranse vostedes na Deputación que é a súa sede e a teñen ao lado, pero non nun museo porque creo que iso se sae dos seus usos e ademais para facer algo tan pouco claro como foi enterrar a Área Metropolitana, que empezaron con moita forza e logo utilizaron un centro cultural para acabar con ela.

(Está ausente a concelleira do Grupo Socialista, Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN E ACORDO: Con dez votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, tres abstencións dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada polo concelleiro do Grupo Socialista, Sr. López Font, instando á Xunta de Galicia instando á Xunta de Galicia a suspender a organización das actividades alleas á finalidade propia do Museo do Mar nas instalacións do dito museo, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

5.4.-(157).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á DEPUTACIÓN E Á XUNTA OS INVESTIMENTOS EN MATERIA DEPORTIVA QUE REITERADAMENTE SE VEÑEN SOLICITANDO. EXPTE. 522/1101

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 3 de setembro, número 522/1101, o concelleiro do Grupo municipal Socialista, Sr. López

Font, formula a seguinte moción:

“Desde o Concello de Vigo instamos á Deputación de Pontevedra e á Xunta de Galicia a investir nas áreas relacionadas co deporte en Vigo. Trátase esta dunha demanda reiterada nos últimos anos que non atopa contestación en ningunha destas administracións, acostumadas a marxinar á cidade.

A Deputación de Pontevedra ven de aprobar uns orzamentos para 2012 de 152 millóns de euros nos que non existe nin unha soa partida específica para o municipio de Vigo. Pola contra, si son coñecidas nas áreas de deporte os investimentos da Deputación no campo municipal de Pasarón, en Pontevedra, no que a administración provincial investiu arredor de 20 millóns de euros. En Vigo cero euros de investimento.

Podemos atopar exemplos deste tipo, sen ir máis lonxe o recente paso da Volta Ciclista a España por Vigo no que a Deputación non foi quen de conseguir nin un só minuto de televisión. Os responsables da Volta Ciclista, que supuxo un importante éxito, felicitaron ao Concello vigués pola organización xa que un operativo de máis de 250 persoas mobilizouse exclusivamente desde o Concello. Unha Volta que xerou un retorno económico de 5.000 pernoctacións pero que na cidade de Vigo non deixou nin o importe dun café.

Polo dito anteriormente, solicítase ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Instar á Deputación de Pontevedra e á Xunta de Galicia a que realicen na cidade de Vigo os investimentos que de forma reiterada se lle demandan para o deporte.”

A comisión informativa de Política Social, Cultura e Deportes, na súa sesión do 3 de setembro, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. FERNÁNDEZ PÉREZ: Que Vigo é a capital do deporte galego e unha das referencias das cidades do deporte español é algo coñecido por todo o mundo. Son máis de 250 as entidades e clubs da nosa cidade que desenvolven as súas actividades; hai 200 eventos deportivos anuais, temos 96 instalacións deportivas para o exercicio e educación física, son 17.000 as licenzas federativas, hai 10.000 deportistas de base, 4.000 nenos e nenas nos programas das escolas deportivas municipais. Hai que ter en conta a participación do deporte galego en todos os niveis de competicións no conxunto do deporte de elite e por parte do Concello o investimento en deporte é de 11 millóns de euros. Todo isto demostra un compromiso e ademais avala a Vigo como capital do deporte. Todo isto fai necesario

que todos traballemos arreo para tirar cara adiante e asumir os novos retos.

Por todo o anterior queremos solicitar da Xunta de Galicia o cumprimento das súas obrigas que reiteradamente se lle veñen demandando. Por unha banda a posta en marcha dos investimentos necesarios para as pistas de atletismo do complexo de Balaídos, porque o Sr. Lete en xuño de 2010 comprometeu tres millóns de euros que a día de hoxe están sen desenvolver.

En segundo lugar solicitamos un maior peso nos orzamentos da Xunta de Galicia do deporte de Vigo, posto que o investimento cara ás entidades de Vigo suma un total dun 16%. De catro millóns e medio de euros só un 16% se lle achega aos equipos da nosa cidade.

Tamén queremos pedir que a Deputación cumpra coas súas obrigas para con esta cidade porque xa saben vostedes que por unha banda son depositarios dos campos de fútbol de carácter municipal e ten un compromiso de reparar e garantir o seu mantemento. A Deputación e máis vostedes, señores do Partido Popular, son coñecedores dos reiterados requirimentos que dende o Concello se veñen facendo ao longo destes anos para que asinen o convenio dos campos de fútbol e pasen automaticamente a ser da administración municipal.

Señores do Partido Popular, cumbran vostedes coas subvencións ás entidades e clubs de Vigo. Veñen de aprobar un orzamento de 152 millóns de euros do que se descoñece cales son as partidas concretas para o deporte da cidade de Vigo. Emprazamos polo tanto á Deputación e a vostedes, señores do Partido Popular, para que de inmediato nos dean coñecemento desa situación e ademais cumbran coas subvencións cos clubs e entidades de Vigo que reiteradamente se veñen atrasando e a día de hoxe están sen executar e polo tanto sen asignar aos partidos.

Dende o Grupo municipal Socialista e dende o Concello de Vigo engadímonos á práctica do deporte do xogo limpo, ao igual que se acaba de manifestar no último partido da Selección por parte dos equipos de España e Arabia Saudí.

En función de todo iso queremos agradecer, saudar e felicitar á Selección española polos seus éxitos deportivos, mesmo por certas declaracións que poñen en valor o patrimonio paisaxístico e cultural da nosa cidade. Pero ao mesmo tempo querémoslle sacar tarxeta roxa e condenar a actitude lamentable da Deputación ao intentar que, a carón dese acontecemento, evitar que tivese unha maior presenza en Vigo, que ese evento se puidese realizar en Vigo e polo tanto desenvolver con

todo o seu potencial nunha cidade que ten 300.000 habitantes e é a referencia do deporte en Galicia e por iso sería bo que ese evento se tivese realizado en Vigo. Lamentamos esa actuación que pretende marxinar unha vez máis non só ao deporte vigués, senón tamén ao conxunto da cidadanía viguesa.

Do mesmo xeito queremos rexeitar ao paso da Volta Ciclista a programación e o desenvolvemento da mesma. Nos gustaría e sería desexable que Vigo fose un lugar de referencia e de encontro no conxunto da Volta polo ben de todos.

SR. ALONSO PÉREZ: Creo que ten razón o Partido Socialista ao instaren á Xunta e á Deputación a que invistan en Vigo, pero xa adianto que non o van facer porque o Partido Popular ten clara a súa visión do deporte, utilizan o deporte dun xeito caciquil e entón castigan á cidade onde non goberna e castiga ao club que non veña co seu carné na boca; é a súa norma para logo facer propaganda.

Acaba de facer a propaganda o Sr. Villar, presidente da Federación Española de Fútbol, que ademais é de Bilbao e como é de alí non ten ningún problema.

Cantas veces quere o Sr. Louzán asinar un convenio para arranxar o campo federativo de Coia? Unha, dúas? Cada vez que ven di que se asina un convenio para arranxar o campo federativo de Coia. Eu teño os estantes cheos de promesas e de protocolos e os de Bilbao máis veces, máis ca eles ninguén. É unha vergoña porque só é propaganda.

Pero o Concello ten que se poñer as pilas en materia deportiva. É a primeira vez que un club deportivo da cidade, un club feminino coma o Celta-Bosco que gaña na cancha competindo no máximo nivel, ten que descender de categoría, segundo o seu presidente por incumprimentos do alcalde. Hai que se poñer as pilas porque non pode ser que acontecementos deportivos solicitados pola Federación Galega coma é a realización duns campionatos autonómicos infantil, xuvenil e cadete, masculino e feminino en Vigo durante o período de vacacións, que garante milleiros de persoas na cidade aínda non teñan a resposta do goberno.

Sei que ao Sr. Alcalde lle gustou moito acompañar á Delegación do Concello de Vigo a Madrid para recoller o Premio Nacional do Deporte. Eu non sei se a estas alturas sería merecedor de volver recibilo. Iso é moi preocupante.

Efectivamente o Partido Popular utiliza o caciquismo en materia deportiva, pero ademais tamén utiliza algo moi perigoso que é facer a súa ideoloxía a través do

deporte de xeito grave. Está moi ben que a Federación Española de Fútbol e a Volta Ciclista trouxeran a Galicia eses dous eventos deportivos: o partido de fútbol e a Volta Ciclista. Pero fíxense que a Volta vén a Vigo sen un equipo galego e iso porque a Xunta de Galicia eliminou o Club Ciclista porque levaba as cores azul e branca da bandeira e iso moléstalle moito ao Partido Popular. O Partido Popular trae á Selección española pero eliminou á Selección galega porque lle doen as cores azul e branca, só lle gusta a cor vermella; todo o que signifique Galicia para eles queda eliminado. Iso non pode ser.

Dende o BNG cremos que hai que reclamar á Xunta e á Deputación máis diñeiro en materia deportiva para a cidade, pero xa digo que non o van dar porque o Partido Popular despreza ao deporte que leve as cores azul e branca de Galicia e ademais utiliza o deporte de xeito caciquil.

SR. FIGUEROA VILA: Equipo galego de ciclismo: quen está pagando o “*pufo*” que deixaron vostedes pola xestión que arruinou ao equipo? Non vou entrar en máis números porque igual pasamos a raia do que permite o debate político.

Que me falen a min de deporte é dar-me unha oportunidade, Sr. Fernández, porque por min está xestionado o Complexo deportivo de Samil, o pavillón central das Travesas remodelouse enteiro e na última remodelación con case 600 millóns das antigas pesetas máis o campo de fútbol das Travesas; uns quince campos de fútbol adxudicados e postos en marcha por mor da miña xestión, o complexo deportivo da Madroa era nefasto e o seu arranxo foi pola miña xestión como tamén o foron a piscina de Teis, a de Lavadores, máis dous complexos de lecer que vostedes están utilizando agora con moita demanda na cidade: Lavadores e Florida. Polo tanto falarme de deporte é complicado.

O primeiro que implantou nesta cidade os baremos aos clubs deportivos fun eu que son do Partido Popular. É certo que logo o Sr. Domínguez Olveira continuou do mesmo xeito e agora tamén se continua.

Que vostede, Sr. Fernández, fale de deporte e que o Club máis laureado desta cidade, como vostede acaba de recoñecer, teña que descender de categoría ou non poder militar na máxima categoría é impresentable. Hai que ver que lles dan vostedes, se son vostedes os que dan con talón na boca.

Con respecto á Selección española vou facer unha afirmación. A Selección española

veu Pontevedra e vai vir Vigo porque a iso se lle chama xestionar, cousa que vostedes non saben. Foi a Pontevedra e existe o compromiso de que a Selección española veña a Vigo. Pero sabe que gañou Vigo a cambio de todo iso que non gañaron os demais? Que un campo de fútbol modesto sexa un dos máis modernos de España. Chámase Coia e está totalmente abandonado polo goberno desta cidade, onde os equipos non poden nin xogar. De seren eu concelleiro ou alcalde desta cidade daríame vergoña de que o campo máis antigo de Vigo estea na situación na que se atopa. Pero a ese campo van ser destinados case dous millóns de euros e iso foi o que se gañou coa Selección española. Ademais a Selección vai volver á provincia de Pontevedra e virá a Vigo porque é ese o compromiso. A iso se lle chama xestionar.

En canto á Volta Ciclista a España, no ano 2007 na saída da Volta vostedes gastaron case un millón de euros e se queren lles dou os datos, máis tamén outro millón que tiraron da Universiada. Como falan vostedes de xestión? A ver se non se lembran porque gobernaban vostedes.

O paso da Volta Ciclista a España pola provincia de Pontevedra, que se está negociando que se repita o ano que ven, custoulle á Deputación 150.000 euros. Ao Concello de Pontevedra custoulle 90.000 euros. Vostedes non saben xestionar, ese é o seu gran problema.

Non enganamos, a Volta a España custou 150.000 euros coa repercusión nacional e internacional que tivo porque houbo máis de 150 televisións de distintos países e non se sabe a cantidade de telespectadores que a miraron.

Dende a Deputación de Pontevedra podemos afirmar que hai máis de 20 millóns de euros investidos nos últimos anos. A relación coa Federación Española de Fútbol dáse porque sabe que Vigo é a cidade de España onde máis campos se construíron nos últimos catro anos; a provincia de España onde máis campos se construíron é a de Pontevedra e por iso a Federación ten o trato que ten coa provincia de Pontevedra e por iso somos capaces de facer xestións que vostedes non son capaces de levar a cabo.

Onte podían ver vostedes a repercusión que tivo a Volta Ciclista a España tanto de Vigo como da nosa provincia. Que custe tería isto cunha campaña de promoción? Non se sabe, seguramente tería moita máis repercusión se vostedes fosen capaces de facer bos folletos de información para os turistas que veñen ao Porto de Vigo.

SR. FERNÁNDEZ PÉREZ: Sr. Alonso, teña vostede por seguro que dende o goberno municipal do Concello de Vigo imos facer todos os esforzos posibles para, en función da nosa capacidade e da oportunidade, desenvolver todos os eventos posibles que sexan beneficiosos para o conxunto do deporte e da cidade.

En canto ao tema do Bosco dicir que cada entidade e cada equipo toma as súas decisións. Coñece todo o mundo que o Concello cumpriu cos seus compromisos orzamentarios e así se lle trasladou ao Club deportivo Bosco que tomou as decisións que en función da súa capacidade e dos seus proxectos considerou oportuno. Si nos gustaría que seguira pero tamén temos que respectar a súa decisión.

Sr. Figueroa, vostede fixo moitas cousas, pero esa era a súa obriga cando era concelleiro ou, para que estaba? Era a súa obriga, pero a obriga de seu agora como vicepresidente da Deputación é seguir investindo en Vigo. A súa obriga é que os 20 millóns de euros que custou o Estadio de Pasaron se puidesen investir tamén en Vigo en instalacións deportivas e no campo de Balaídos.

E certa a repercusión que tivo a Volta Ciclista, pero tamén puido haber mil ou dúas mil pernoctacións na cidade de Vigo en troques de estar en Sanxenxo, Portonovo ou Pontevedra. Esa era a súa obriga como vicepresidente da Deputación.

Non se pode mirar parcialmente o problema porque Vigo é o soporte fundamental da Deputación dende o punto de vista económico e financeiro e son os recursos dos vigueses e das viguesas os que contribúen maiormente ao financiamento da propia Deputación.

Téñolle que dicir que os campos de fútbol son de titularidade municipal e vostedes xa dende o ano 2007 teñen o compromiso de garantir o seu mantemento e de asinar un convenio co Concello de Vigo para a súa administración. Vostedes teñen que financiar o 75% e a administración municipal o 25%. Dende o ano 2007 ata o de agora os campos, os terreos de xogo, están sen atender e sen mantemento pola súa parte. O mantemento ordinario séguese facendo o Concello de Vigo ano tras ano cos seus orzamentos nos que destina as cantidades oportunas para ese fin. Pero teñen vostedes unha enorme responsabilidade e teñen que resolver porque senón os terreos de xogo se van deteriorar, vanse ter que cambiar todos e terán que incrementar os seus compromisos.

Creo que diante desa situación o que teñen que facer é cumprir coa cidade de Vigo

e dedicar os recursos necesarios para desenvolver o mundo do deporte.

(Está ausente a concelleira do Grupo Socialista, Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN E ACORDO: Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectúase unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte acordo:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo Socialista, Sr. López Font, instando á Deputación Provincial e máis á Xunta de Galicia a que realicen os investimentos en materia deportiva reiteradamente demandados, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

6.- ASUNTOS URXENTES.

Non se presentaron.

PARTE DE CONTROL

1.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS ACORDOS OU RESOLUCIÓNS DOUTROS ÓRGANOS MUNICIPAIS OU DE INFORMES OU ESCRITOS QUE ASÍ O REQUIRAN.

1.1.-(158).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas pola Alcaldía-Presidencia, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ao correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 24 de xullo e 6 de setembro de 2012.

1.2.-(159).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELEIROS/AS DELEGADOS/AS.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas polas Concellerías Delegadas, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ao correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 24 de xullo e 6 de setembro de 2012.

1.3.-(160).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 25.06.12 RELATIVA Á DELEGACIÓN ESPECIAL DE COMPETENCIAS SOBRE AS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DA ETEA NO CONCELEIRO SR. FERNÁNDEZ PÉREZ.

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 25 de xuño de 2012, a Alcaldía-Presidencia ditou a seguinte resolución:

“Por Resolución desta Alcaldía de data 13.06.2011 levouse a cabo a estruturación das áreas executivas e/ou materiais dirixidas polos Sres./Sras. concelleiros/as do goberno municipal e a conseguírte atribución xenérica de competencias. En virtude de dita resolución, establécese a área de Deportes e Normalización Lingüística, atribuíndose ao seu titular, ente outras competencias, a de dirixir e xestionar as actuacións necesarias para o mantemento e conservación das instalacións deportivas municipais non adscritas ó IMD, e a de formular un plan de investimentos en infraestruturas deportivas tramitando os expedientes que del se deriven efectuando o seguimento das obras.

Existindo unha serie de proxectos que, pola súa natureza e o seu carácter transversal, requiren dunha delegación especial de conformidade co sinalado no artigo 43.5.a) do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento, Réxime Xurídico e Funcionamento das Entidades Locais, esta Alcaldía-Presidencia en exercicio da potestade de

dirección do goberno e das organizativas e estruturais que, en relación coa administración municipal, ostenta esta Alcaldía, ex artigo 12.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

RESOLVE:

Primeiro.- Delegar no concelleiro delegado da Área de Deportes e Normalización Lingüística, D. José Manuel Fernández Pérez, as atribucións precisas para a dirección técnica e política, xestión, seguimento, tramitación e execución dos seguintes asuntos:

Concellería de Facenda, Patrimonio e Educación

- Instalacións deportivas da ETEA, a través dos créditos da área 9330 Xestión do Patrimonio vinculados cas instalacións deportivas da ETEA:

| | |
|---|------------|
| - 9330 2120001 Mantemento Instalacións ETEA | 50.000,00 |
| - 9330 6320001 Obras de remate apertura instalacións ETEA | 150.000,00 |

Segundo.- Esta delegación enténdese sen prexuízo da modificación que sobre os créditos orzamentarios inicialmente previstos ou outras cuestións dos mesmos puidera efectuarse para garantir a correcta execución dos proxectos.

Terceiro.- Esta delegación de atribucións, de conformidade co sinalado no artigo 44 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, terá efecto dende o día seguinte ao da data desta resolución, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, rexéndose pola normativa de aplicación.

Cuarto.- Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que realice para o seu coñecemento.

Quinto.- Ordenar a súa publicación na rede Intranet ó obxecto do seu coñecemento polas distintas dependencias e unidades administrativas."

A Alcaldía-Presidencia pon en coñecemento do Pleno da Corporación a anterior resolución.

1.4.-(161).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 01.08.12 RELATIVA Á DELEGACIÓN TEMPORAL DE COMPETENCIAS NA ÁREA DE DEPORTES E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA NA CONCELEIRA SRA. DÍAZ VÁZQUEZ E NO CONCELEIRO SR. RIVAS GONZÁLEZ.

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 1 de agosto de 2012, a Alcaldía-Presidencia ditou a seguinte resolución:

“Con motivo da ausencia do concelleiro D. JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ PÉREZ, dende o 6 de AGOSTO ata o 16 de agosto de 2012, ambos incluídos, e en uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía-Presidencia no artigo 124.4 da Lei 7/1985, e de conformidade co previsto no artigo 43 e ss. do RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais,

RESOLVO:

Primeiro.- Avocar as competencias delegadas, segundo a miña Resolución do 13 de xuño de 2011, no concelleiro D. JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ PÉREZ, delegado da Área de Deportes e Normalización Lingüística durante a súa ausencia, do 6 de agosto de 2012 ata o 16 de agosto de 2012, recuperando novamente a súa vixencia a devandita resolución ao día seguinte do período indicado.

Segundo.- Delegar as competencias avocadas durante a ausencia de D. JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ PÉREZ na concelleira D^a RAQUEL DÍAZ VÁZQUEZ, da Área de Economía, Facenda, Patrimonio e Educación, dende o día 6 de agosto ao día 12 de agosto de 2012, ambos incluídos, e no concelleiro D. ANGEL RIVAS GONZÁLEZ, da Área de Distritos, Parques, Xardíns e Limpeza, dende o día 13 de agosto ata o día 16 de agosto de 2012, ambos incluídos.

Terceiro.- Notificar esta resolución aos interesados e xefes das áreas afectadas para o seu coñecemento.

Cuarto.- A presente resolución entrará en vigor dende a súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no BOP, segundo o establecido no artigo 44.2 do RD 2568/1986.

Quinto.- Da presente Resolución, de conformidade co sinalado no artigo 44.4 do RD 2568/1986, darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación a efectos de quedar informado da mesma.”

A Alcaldía-Presidencia pon en coñecemento do Pleno da Corporación a anterior resolución.

1.5.-(162).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 02.08.12 RELATIVA Á DELEGACIÓN TEMPORAL DE COMPETENCIAS NA ÁREA DE MEDIO AMBIENTE, IGUALDADE E XUVENTUDE NO CONCELEIRO SR. LÓPEZ FONT.

S. Ordinaria 10.09.12

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 2 de agosto de 2012, a Alcaldía-Presidencia ditou a seguinte resolución:

“Con motivo da ausencia da concelleira de Medio Ambiente, Igualdade e Xuventude, D^a M^a Jesús Lago Rey, dende o 03 de agosto ata ó 26 de agosto de 2012, ambos incluídos, e en uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía-Presidencia no artigo 124,4 da Lei 7/1985, e de conformidade co previsto no artigo 43 e do RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais,

RESOLVO:

Primeiro.- Avocar as competencias delegadas, segundo a miña resolución do 13 de xuño de 2011, na concelleira D^a María Jesús Lago Rey delegada das Áreas de Medio Ambiente, Igualdade e Xuventude durante a súa ausencia do 03 de agosto ata ó 26 de agosto de 2012, recuperando novamente a súa vixencia a devandita resolución ao día seguinte do período indicado.

Segundo.- Delegar as competencias avocadas durante a ausencia de D^a. María Jesús Lago Rey no concelleiro D. Carlos López Font, da Área de Seguridade, Transportes e Mobilidade e da Área de Xestión Municipal dende ó 03 de agosto ata ó 26 de agosto de 2012, ambos incluídos.

Terceiro.- Notificar esta resolución aos interesados e xefes das áreas afectadas para o seu coñecemento.

Cuarto.- A presente resolución entrará en vigor dende a súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no BOP, segundo o establecido no artigo 44,2 do RD 2568/1986,

Quinto.- Da presente Resolución/ele conformidade co sinalado no artigo 44,4 do RD 2568/1986, darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación a efectos de quedar informado da mesma.”

A Alcaldía-Presidencia pon en coñecemento do Pleno da Corporación a anterior resolución.

1.6.-(163).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 03.08.12 RELATIVA Á DELEGACIÓN TEMPORAL DE COMPETENCIAS NA ÁREA DE CULTURA, FESTAS E POLÍTICA DO BENESTAR NO CONCELEIRO SR. LÓPEZ FONT.

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 3 de agosto de 2012, a Alcaldía-Presidencia ditou a seguinte resolución:

“Con motivo da ausencia de D^a María Isaura Abelairas Rodríguez, dende o 17 ao 30 de agosto de 2012, ambos incluídos, e en uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía-Presidencia no artigo 124.4 da Lei 7/1985, e de conformidade co previsto no artigo 43 e ss do RD 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais,

RESOLVO

Primeiro.- Avocar as competencias delegadas, segundo a miña resolución do 13 de xuño de 2011, na concelleira D^a María Isaura Abelairas Rodríguez, delegada da Área de Cultura, Festas e Política de Benestar durante a súa ausencia, do 17 de agosto de 2012 ao 30 de agosto de 2012, recuperando novamente a súa vixencia a devandita resolución ao día seguinte do período indicado.

Segundo.- Delegar as competencias avocadas durante a ausencia de D^a María Isaura Abelairas Rodríguez no concelleiro D. Carlos López Font, da Área de Mobilidade, Transporte e Seguridade e Xestión Municipal, dende o 17 de agosto de 2012 ao 30 de agosto de 2012, ambos incluídos.

Terceiro.- Notificar esta resolución aos interesados e xefes das áreas afectadas para o seu coñecemento

Cuarto.- A presente resolución entrará en vigor dende a súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no BOP, segundo o establecido no artigo 44.2 do RD 2568/1986

Quinto.- Da presente resolución, de conformidade co sinalado no artigo 44.4 do RD 2568/1986, darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación a efectos de quedar informado da mesma.”

A Alcaldía-Presidencia pon en coñecemento do Pleno da Corporación a anterior resolución.

1.7.-(164).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 10.08.12 RELATIVA Á DELEGACIÓN TEMPORAL DE COMPETENCIAS NA ÁREA DE ECONOMÍA, FACENDA, PATRIMONIO E CONTRATACIÓN E EDUCACIÓN NO CONCELLEIRO SR. RODRÍGUEZ DÍAZ.

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 10 de agosto de 2012, a Alcaldía-Presidencia

ditou a seguinte resolución:

Con motivo da ausencia da concelleira D^a Raquel Díaz Vázquez, dende o 13 de agosto de 2012 ata o 20 de agosto de 2012, ambos incluídos, e en uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía-Presidencia no artigo 124.4 da Lei 7/1985, e de conformidade co previsto no artigo 43 e ss. do RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais,

RESOLVO:

Primeiro.- Avocar as competencias delegadas, segundo a miña Resolución do 13 de xuño de 2011, na concelleira D^a Raquel Díaz Vázquez, delegada da Área de Economía e Facenda, Patrimonio e Contratación e Educación, durante a súa ausencia, do 13 de agosto de 2012 ata o 20 de agosto de 2012, ambos inclusive, recuperando novamente a súa vixencia a devandita resolución ao día seguinte do período indicado.

Segundo.- Delegar as competencias avocadas durante a ausencia de D^a Raquel Díaz Vázquez no concelleiro D. Santos Héctor Rodríguez, da Área de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, dende o 13 de agosto de 2012 ata o 20 de agosto de 2012, ambos incluídos.

Terceiro.- Notificar esta resolución aos interesados e xefes das áreas afectadas para o seu coñecemento.

Cuarto.- A presente resolución entrará en vigor dende a súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no BOP, segundo o establecido no artigo 44.2 do RD 2568/1986.

Quinto.- Da presente resolución, de conformidade co sinalado no artigo 44.4 do RD 2568/1986, darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación a efectos de quedar informado da mesma."

A Alcaldía-Presidencia pon en coñecemento do Pleno da Corporación a anterior resolución.

1.8.-(165).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 17.08.12 RELATIVA Á DELEGACIÓN TEMPORAL DE COMPETENCIAS NA ÁREA DE DISTRITOS, PARQUES, XARDÍNS E LIMPEZA NO CONCELEIRO SR. LÓPEZ FONT.

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 17 de agosto de 2012, a Alcaldía-Presidencia ditou a seguinte resolución:

“Con motivo da ausencia de D. Angel Rivas González, desde o 20 de agosto ata o 26 de agosto, ambos incluídos, e en uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía-Presidencia no artigo 124.4 da Lei 7/1985, e de conformidade co previsto no artigo 43 e ss. do RD 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico da entidades locais,

RESOLVO:

Primeiro.- Avocar as competencias delegadas, segundo a miña resolución do 13 de xuño de 2011, no concelleiro D. Angel Rivas González delegado das Áreas de Distritos, Parques, Xardíns e Limpeza durante a súa ausencia do 20 de agosto ata o 26 de agosto de 2012, recuperando novamente a súa vixencia a devandita Resolución ao día seguinte do período indicado.

Segundo.- Delegar as competencias avocadas durante a ausencia de D. Angel Rivas González no concelleiro D. Carlos López Font, da Área de Mobilidade, Transporte e Seguridade e Xestión Municipal desde o 20 de agosto ata o 26 de agosto de 2012, ambos incluídos.

Terceiro.- Notificar esta resolución aos interesados e xefes das áreas afectadas para o seu coñecemento.

Cuarto.- A presente Resolución entrará en vigor desde a súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no BOP, segundo o establecido no artigo 44.2 do RD 2568/1986.

Quinto.- Da presente resolución, de conformidade co sinalado no artigo 44.4 do RD 2568/1986, darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación a efectos de quedar informado da mesma.”

A Alcaldía-Presidencia pon en coñecemento do Pleno da Corporación a anterior resolución.

2.- COÑECEMENTO DOS INFORMES CITADOS NO ART. 38.2.M.4º DO REGULAMENTO DO PLENO.

Non se presentaron.

3.- COMPARENCIAS DE MEMBROS DA CORPORACIÓN.

Non se realizaron.

4.- MOCIÓNS.

4.1.-(166).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A SUSPENDER TODAS AS XESTIÓNS RELACIONADAS COA AMPLIACIÓN DO CONTRATO DO TRANSPORTE PÚBLICO URBANO DE VIGO. REX. 516/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 30 de agosto, número 516/1101, o voceiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Figueroa Vila, formula a seguinte moción:

“A política de ampliación de contratos das concesionarias municipais estase a demostrar coma unha das prioridades deste goberno municipal con graves consecuencias económicas e de servizos para todos os vigueses e viguesas,

Trala ampliación dos contratos do abastecemento e saneamento de augas e tamén do contrato do Auditorio “Mar de Vigo”, temos coñecemento da intención do goberno de ampliar o contrato da concesión do transporte público de Vigo.

Este contrato ten como data de remate o 31 de decembro de 2019 e proceder neste momento á súa ampliación privaría aos vigueses dunha mellora nas condicións do transporte que se podería negociar a través dun novo contrato.

Por todo isto, o Grupo municipal do Partido Popular somete á consideración do Pleno a aprobación do seguinte acordo:

Instar ao Goberno municipal a deter todas as xestións encamiñadas á ampliación do contrato de concesión do transporte público urbano de Vigo, mantendo a actual data de remate do mesmo en beneficio de todos os veciños e veciñas de Vigo”.

A comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión do 3 de setembro, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. FIGUEROA VILA: Queremos ser previsores e intentar que non volva suceder neste Concello a toma de decisións como as que se levaron a cabo nos últimos meses: a ampliación do contrato de Aqualia ou a modificación de algúns contratos máis.

Temos coñecemento de que o goberno e o seu alcalde están intentando negociar coa empresa Vitrasa unha modificación-ampliación do seu contrato.

Realmente sorpréndenos esta posibilidade porque un dos eixos fundamentais da

Área Metropolitana é facer xestión para todos os concellos, Área Metropolitana que está constituída e está agardando a que os alcaldes se poñan de acordo para nomear un presidente que nós temos claro quen debe ser, pero parece que hai a covardía política de non formar parte desa Presidencia.

Nos últimos días saen informacións relativas a que as ampliacións e modificacións de contratos están á orde do día e, aínda que sabemos que a competencia é de Xunta de Goberno, non queremos que o Pleno se pronuncie despois como xa aconteceu co contrato de Aqualia. Pretendemos paralizar esta posibilidade e que polo menos a Corporación se poida pronunciar nun contrato do transporte, un contrato importante para o futuro da Área Metropolitana, ao igual que tiña que ser o da auga que non se puido levar a cabo e agora está hipotecada a posibilidade de modificación do contrato, sobre todo cando hai datos que ratifican a nosa inquietude.

Hai un titular dos medios de comunicación das últimas semanas que di: “O bus urbano perde en sete meses o 80% dos 448.000 viaxeiros que recuperou o ano pasado”. Este é un dato que nos ten que preocupar porque cando o Sr. Caballero se presentou por primeira vez ás eleccións dixo que modificaría as frecuencias do bus urbano, dicía que no núcleo urbano as frecuencias serían dun máximo de 5 minutos e tamén que no rural se contemplaría a posibilidade de 15 minutos máximo de frecuencias e conexións entre as dúas zonas da cidade.

Despois de cinco anos, onde están as melloras do servizo prometidas? Onde está ese Plan de transporte sobre o que se debateu aquí e tamén se nos dixo hai dous anos aproximadamente, que en dous ou tres meses se presentaría un plan de transporte que melloraría o actual, mellorarían as liñas, as frecuencias, as unidades, as conexións entre os barrios e o centro? Hai dous anos que se nos dixo que se nos presentaría ese plan de transporte. De momento que saibamos non se fixo nada, foron anuncios cara á galería porque as frecuencias empeoraron, tanto no núcleo urbano como nos distritos o bus urbano perde viaxeiros no último ano, o ridículo que fixeron vostedes co transporte do Casco Vello é infumable, eu creo que impresentable porque nunca unha decisión política do BNG tivo tal mal histórico.

Creemos que o transporte é un tema que nos ten que preocupar e temémonos que logo do 21 de outubro, pasadas as eleccións, esta modificación/ampliación porase en marcha.

Queremos que a Corporación se pronuncie claramente neste tema, que polo menos o alcalde coñeza o pronunciamento dos vinte e sete concelleiros que formamos este Pleno.

Non queremos que suceda o mesmo que aconteceu coa ampliación do contrato da auga ou coa modificación do de residuos sólidos urbanos do que algún día falaremos porque esa modificación que fixeron vostedes foi o motivo polo que se lle deu a adxudicación á actual empresa. Vostedes desvirtuaron totalmente ese contrato coa aquela adxudicación que no seu día foi demasiado polémica.

SR. ALONSO PÉREZ: O BNG vai apoiar a moción para que non se amplíe o contrato do transporte público, pero si queremos relatar algunhas que están acontecendo co transporte público e tamén quen son os responsables.

No mes de decembro do ano 2011 o prezo do billete de Vitrasa subiu 5 céntimos para o billete ordinario e 4 céntimos para os bonos. Agora, o 1 de setembro por aplicación do RD 24/2012, ven de subírselle o IVE.

O representante do Partido Popular dicía antes que hai que falar de realidades. O que é real é que como consecuencia deste Decreto o goberno decidiu que todo o rescate bancario o paguen, por unha banda os aforradores e por outra a maioría dos contribuíntes. O Partido Popular mentiu dicindo que non subiría os impostos e mostrou a careta de para quen goberna: para unha minoría da sociedade, para as grandes construtoras, os grandes banqueiros e con este Decreto que é real estalle cargando á maioría dos contribuíntes a suba dos impostos e como consecuencia disto sobe o IVE de Vitrasa.

Efectivamente escoitei declaracións do alcalde dicindo que por parte do goberno local non hai ningunha negociación con Vitrasa. Agardo que isto sexa así pero tamén digo que o alcalde e máis o goberno municipal puideron facer moito máis do que fixeron para impedir que a aplicación do IVE, como consecuencia do Decreto do Partido Popular, non repercutise na maioría dos contribuíntes que están utilizando os autobuses. O alcalde puido negociar con Vitrasa que non se aplicase a subida do IVE o mesmo que fixeron os taxistas, comerciantes, hostaleiros que polo menos prorrogaron a súa suba a primeiros do ano.

Apoiaremos polo tanto a moción, pensamos que é moi grave que como consecuencia do Decreto se subira o IVE ao billete e lamentamos que dende o

gobierno municipal non se fixera nada para o impedir.

SR. LÓPEZ FONT: O Sr. Figueroa antes falou de espectral, ruín, confrontación e demais. Todo isto, Sr. Figueroa, terá que o aplicar vostede a si mesmo porque esta é a moción da pouca seriedade que ten vostede en política, é estritamente a moción que define a alguén que ten pouco rigor político como vostede. Maximo que eu non chegarei a vinte e cinco anos como concelleiro, pero de chegaren e presentaren unha moción como a que presentou vostede coidarei que o camiño percorrido non é bo. Esta política da desesperación e da falla de consistencia lévao a vostede a situacións como esta.

Eu non paraba de me sorprender cando vostede sempre dicía que estábamos traballando sobre un prórroga en Vitrasa cando era absolutamente falso. Vostede non é previsor aínda que dixo que traía esta moción ao Pleno para seren previsor. Non, vostede é un difamador, algo que non ten nada que ver con previsor. Vostede non pode demostrar aquí nin en ningures que este goberno dese un só paso para a prórroga da concesión de Vitrasa.

Non se pode facer política así, Sr. Figueroa, non abonda a desesperación persoal e política que vostede ten para alarmar á cidadanía sobre algo que se decidirá no 2019.

Sr. Figueroa, antes de que se decida a situación do transporte público nesta cidade elixiranse outra vez dous alcaldes: en xuño do 2015 e do 2019. Pero xa lle anticipo que vostede non o vai ser. Esta cidade vai elixir dúas veces alcalde e vostede non o vai ser. Estou seguro que o alcalde que hoxe preside este Concello será elixido neses dous procesos.

Non se pode traer unha moción como esta. Vostedes terían que estar preocupados en presentar mocións polo Tax lease, polos plans de emprego e porque non se castigue a esta cidade; terían que estar preocupados por mocións como a que acabamos de aprobar relacionadas cos empregados públicos e con non encubrir todos os recortes do seu goberno.

Esta difamación non pode ser, Sr. Figueroa. De que me fala agora, de covardía dos alcaldes mesturando isto coa Área Metropolitana?

Fixo antes afirmacións e mesmo lle chamou ruín á miña compañeira, Sra. Abelairas, falou de ruindade política, pero vostede é o vicepresidente da Deputación de

España que menos se preocupa pola súa cidade. Ese cargo compracerao, pero é vostede quen menos se preocupa pola súa cidade. Vostede non foi o vicepresidente da Deputación porque se presentase a ningunha elección directa. Non, éo por ser concelleiro deste Concello cando ataca permanentemente a esta cidade. Como é posible que fale da xestión de seu, cando a súa xestión como vicepresidente da Deputación é a máis nefasta? Como é capaz de falar cando non foi quen de traer a Vigo un só café da Volta Ciclista a España? Pensa que nós non imos crer que vostede decidiu que non houbera nin un segundo na televisión sobre a Volta Ciclista ao seu paso por Vigo? Cre que somos tan inxenuos? Isto é o colmo.

A concesión da que falamos remata no ano 2019. Pídlle a vostede pídlle rigor, tamén lle pido que cando o alcalde fala ou fai unha afirmación vostede a lea e así como mínimo retiraría a moción. O alcalde dixo: “En tanto eu sexa alcalde non se prorrogará a concesión de Vitrasa en ningún momento e de ningún modo. Sairá a concurso en tempo e forma e gañará a mellor opción”. Esta é a posición do goberno e o que dixo o alcalde.

Insisto en que é de moi mal gusto político vir aquí presentar un texto instando ao goberno municipal a deter. Pero, Sr. Figueroa, non hai nada iniciado e está tan claro como que a vontade política deste goberno e do seu alcalde é a que manifestou o mércores, 5 de setembro, que eu lle propoño que quite a palabra “deter” e poñamos “a non tomar ningunha medida” e a ver se se ilumina vostede dunha vez e deixa de ser ese gran futurólogo que logo non acerta ningunha. Nós estaremos totalmente de acordo porque xa dixo o alcalde que non se vai tomar ningunha medida en relación con esta concesión. Se a vostede lle preocupa o que decida este Pleno, veremos se lle preocupa realmente o transporte.

Propoño retirar “a deter” e substituír esas palabras por “non tomar ningunha medida”. Sería un acordo plenario, vostede quedaría tranquilo e nós reafirmaríamos o que sempre dixo o alcalde.

SR. FIGUEROA VILA: Non imos retirar a moción, podemos cambiar a palabra porque dá exactamente igual porque o espírito é que non se amplíe ou non se modifique este contrato porque xa o fixeron con nocturnidade, aleivosía e premeditación con Aqualia, fixérono nunha Xunta de Goberno dun día para outro e foi unha ampliación multimillonaria coa que se está prexudicando claramente aos veciños e veciñas

desta cidade porque poderíamos pagar a auga polo consumo real e iso non se vai levar a cabo única e exclusivamente por culpa de vostedes.

Pregúntolle o que dixen publicamente: que hai detrás desa ampliación escurantista? Que intereses hai? Porque non se entende, porque non pode haber ningún tipo de interese xeral cando a reforma e ampliación do contrato de Aqualia podería beneficiar a esta cidade porque se elaboraría un prego de condicións no que se fixarían as características do contrato logo de vinte e tantos anos ou, quere que lle lembre como se adxudicou o contrato da auga no ano 89? Quere que lle dea nomes e apelidos? Agora, despois de tanto tempo, se podería ter modificado.

Ademais vostedes non son de fiar porque aprobaron unha modificación das tarifas dos aparcadoiros con nocturnidade e aleivosía, un día de ponte e sen lle dar publicidade. E logo aínda menten e din que non é verdade.

O que nós queremos é un transporte público que se poida mellorar e mellorarase cunha nova adxudicación, cun novo contrato, cunha nova concesión administrativa como se podería ter feito co tema da auga.

Sr. López Font, cando vostede teña feitas tantas cousas coma eu por esta cidade ao mellor poderemos falar e se quere algún día relátollas. Fixen proxectos importante cando vostedes o único que fixeron foi beirarrúas, é o único que saben facer. Pero a modificación do Casco Vello veu por unha participación na que intervín eu, como tamén nos seus aparcadoiros, no auditorio e en todo o que lle relatei antes en deporte. Claro que fixen cousas en deportes das que vostedes presumen agora. Onde está ese compromiso de seu de modificar o Estadio de Balaídos cando fixeron aquel pre-contrato nun hotel co Bloque Nacionalista Galego? Non se sabe nin se lle agarda, pero tampouco as seis mil vivendas protexidas ou as corenta e sete garderías.

Vostedes non son de fiar porque hai aquí máis de douscentos cincuenta compromisos do alcalde nos medios de comunicación que son mentira. Se quere algún día debatemos unha por unha as duascenas cincuenta e dúas mentiras do alcalde.

A PRESIDENCIA: A proposta de texto da moción sería: “Instar ao goberno municipal a non tomar ningunha medida encamiñada á ampliación do contrato de concesión do transporte público urbano de Vigo, mantendo a actual data de remate do mesmo

en beneficio de todos os veciños e veciñas de Vigo”.

Emenda “in voce” presentada polo voceiro do Grupo Socialista, Sr. López Font, durante o curso do debate:

Substituír na parte dispositiva da moción a frase “...a deter todas as xestións”, por “...a non tomar ningunha medida”.

Coa conformidade do relator da moción, a Presidencia somete a votación o texto da moción xuntamente coa emenda formulada polo Sr. López Font.

(Está ausente a concelleira do Grupo Socialista, Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Instar ao Goberno municipal a non tomar ningunha medida encamiñadas á ampliación do contrato de concesión do transporte público urbano de Vigo, mantendo a actual data de remate do mesmo en beneficio de todos os veciños e veciñas de Vigo.

4.2.-(167).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A INICIAR DE INMEDIATO OS TRÁMITES DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS DOS SERVIZOS DE AUGA E SANEAMENTO. REX. 517/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 30 de agosto, número 517/1101, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Bernárdez de Dios, formula a seguinte moción:

“O pasado 25 de xuño de 2012, o Pleno deste Concello aprobou por unanimidade a iniciativa do Partido Popular de instar ao goberno a modificación inmediata de ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación de servizos de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de

augas residuais coa intención de aforrar no consumo da auga e de que os vigueses e as viguesas paguemos pola auga que consumimos e non a partir do mínimo de 15 m3 mensuais contemplados actualmente.

Polo exposto, o Grupo municipal do Partido Popular somete a consideración do Pleno a aprobación do seguinte acordo:

Instar ao Goberno municipal a iniciar de inmediato os trámites para o cumprimento do citado acordo de modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación de servizos de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais.”

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, na súa sesión do 3 de setembro, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. BERNÁRDEZ DE DIOS: Nós entendemos que non procede a cuestión de orde presentada polo Sr. Regades ao inicio desta sesión plenaria porque a moción aprobada o 13 de xuño de 2012 debatía, e así se aprobou, someter ao Pleno do Concello a modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación do servizo de subministración de auga potable e o que pedimos nesta moción é instar ao goberno municipal a iniciar de inmediato os trámites para o cumprimento da devandita moción. Hai unha pequena diferenza, pero iso precisamente é o que lle dá importancia e relevancia á moción que hoxe presentamos.

O Grupo municipal do Partido Popular constata con isto o que nos di a xente na rúa porque, para que serven as mocións que se presentan no Pleno se logo o goberno non as executa? Esa é a realidade que estamos constatando a cotío cun tema tan importante para o peto dos cidadáns como é o recibo de Aqualia que dalgún xeito nos dá maior forza para seguir insistindo e así o faremos ata que vexamos que se modificou esa ordenanza.

Pero tamén constatamos que pasados tres meses dende a aprobación desa moción, temos que manifestar publicamente e moi alto que o goberno estivo de vacacións durante tres meses porque nin tan sequera moveu o documento da moción para que chegase aos servizos administrativos desta Casa. Iso si, ese documento chegou a Aqualia e en tres ocasións reuniuse o concelleiro, Sr. Regades, cos directivos de Aqualia.

Esta é a realidade. Se hai que modificar un recibo para beneficiar aos vigueses, como é o caso do recibo de Aqualia, con quen se hai que reunir é coa concesionaria,

con quen ten aínda ata o 2019 contrato por veren en que condicións lle convén a esta empresa modificar este recibo; non tratar de modificar este recibo cos servizos administrativos contables e xurídicos desta Casa. Isto é así e así o manifestou nas súas últimas intervencións do día de hoxe o noso voceiro, Sr. Figueroa. Cal é o “chanchullo” que teñen vostedes con Aqualia para non teren movido un papel durante estes tres meses? Por que tiveron que retirar dunha Xunta de Goberno un luns pola mañá o documento das ordenanzas fiscais onde estaba incluída a ordenanza da auga? Logo tiveron que rectificar dicindo que dito documento se retiraba por problemas administrativos cando a realidade era ben distinta. Vostedes sabían que había un grupo municipal que os advertira que esas ordenanzas nesas condicións, en particular a da auga, non se podían levar á Xunta de Goberno porque vostedes son once concelleiros e gobernan sen maioría cando para aprobar as ordenanzas en sesión plenaria teñen que ter catorce votos.

Repito, fixeron algo nestes tres meses? Preocupáronse de algo? Estiveron completamente de vacacións pero o peor é que en Vigo non se está executando nin unha soa obra das que advertiron os técnicos municipais cando lle ampliaron unilateralmente o contrato a Aqualia. Queren dicirme vostedes que obras están facendo no aliviadoiro de Colón, da rúa Pontevedra, de Isaac Peral, do Berbés, de Bouzas e fundamentalmente que obra están acometendo co recibo que ingresa bimestralmente Aqualia co diñeiro dos vigueses na ETAP do Casal? Quéreme dicir, Sr. Regades, vostede que é especialista en traer canalizacións oxidadas ao Pleno, en que se está investindo o diñeiro dos vigueses? Porque seguimos pagando bimestralmente a partir dun mínimo.

Os vigueses e as viguesas queremos que ese recibo se modifique.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Hai unha pregunta que fixo o Sr. Bernárdez que eu quero repetir: para que serven os acordos plenarios? Loxicamente están para ser cumpridos.

Xa dicía na anterior moción sobre este mesmo tema, señores do PP, que vostedes non teñen ningunha lexitimidade para esixir que se cumpran acordos plenarios, porque esta Corporación aprobou tamén por maioría que se derogara o canon da auga. Foi un acordo tomado pola maioría desta Corporación exactamente igual ca o acordo tomado pola maioría desta Corporación de instar ao goberno local a que

revise o sistema de tarifas. Nun caso vostedes queren facer cumprir ese acordo plenario e noutro caso, como acaban de facer, votan en contra de que a Xunta derroque o canon da auga. A iso se lle chama, Sr. Bernárdez, coherencia política. É dicir, cando se trata de instar a un goberno local vostedes están a favor, cando se trata de lle pedir á Xunta que elimine un imposto inxusto, calan e defenden á Xunta. Esa é a coherencia.

O Bloque Nacionalista Galego si que é unha forza coherente e por iso vai apoiar esta moción que vostedes presentan porque xa foi o Bloque Nacionalista Galego quen presentou unha emenda ás ordenanzas do ano 2011 pola que se instaba aos servizos deste Concello para que presentaran ese estudo. Lembro ademais que nesa emenda o Partido Popular tamén votou en contra.

Como agora está o debate e como é precisamente con este recibo cando os vigueses e viguesas se decatan de que a Xunta de Galicia lles sobe a auga, é agora cando vostedes volven sacar este tema como fan sempre, para agochar estes dous recibos que eu teño e que son reais e para agochar que as familias viguesas pagan máis pola auga a partir do 1 de xullo por culpa dun imposto que arbitrariamente puxo en marcha a Xunta de Galicia. Por iso repiten agora esta moción, para confundir á cidadanía. Pero a cidadanía ten que saber que se nestes momentos se paga máis pola auga é única e exclusivamente culpa dese imposto que a Xunta puxo en marcha.

Con respecto á súa moción que nós imos apoiar, tamén efectivamente lle pedimos ao goberno local que dunha vez por todas presente ese estudo de tarifas. Teñen que facelo xa porque hai un acordo plenario e unha emenda ás taxas do ano pasado que non cumpriron. O Bloque Nacionalista Galego esixe que de inmediato o goberno nos presente aos tres grupos da Corporación un estudo para a revisión do sistema de tarifas.

Tamén anunciamos, señores do goberno local, que non nos vai valer calquera revisión do sistema de tarifas. Porque, que sistema de tarifas quere aplicar o Partido Popular? O mesmo que se aplica co canon? Non o dicimos nós, senón que din técnicos na materia que ese sistema está gravando precisamente ás familias de tres, catro ou cinco membros. É un sistema que está beneficiando aos pisos baleiros. Se esa vai ser a revisión de tarifas, señores do goberno local, xa lles anuncio que o Bloque Nacionalista Galego non estará de acordo.

Hai que negociar coa empresa concesionaria pero primeiro que os servizos xurídicos presenten esa revisión. Hai que negociar para que se poida reducir ao mínimo o que hoxe estamos pagando polos gastos xerais e tamén para que haxa unha taxa social que premie a estas unidades familiares con máis membros e a partir de aí establecer variables que castiguen o consumo excesivo. Nós precisamente queremos que presenten de inmediato ese estudo para revisar as tarifas, pero queremos un estudo e unha revisión que beneficie á maioría da cidadanía, sobre todo que beneficie ás rendas máis baixas e ás unidades familiares con máis membros.

Esa é a coherencia do Bloque Nacionalista Galego. Instamos ao goberno local e tamén á Xunta de Galicia.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: Como ben dicía o Sr. Domínguez Olveira, vostedes, señores do Partido Popular, queren agochar a subida da auga que estamos sufrindo neste último recibo polo canon.

Sr. Bernárdez, dixo que non entendía moi ben onde subira os recibos o canon da Xunta de Galicia. Farei un pouco de pedagogía, voulo explicar.

Cando lle dicimos que o recibo sobe un 6%, falamos do recibo de todos; os que consumen 12m³ lles sobe un 20%, para 13 m³ un 21,7%, 14m³ un 22,5%, 15m³ un 23,2% e 16 m³ un 23,8%. Pagarán menos os que consumen 0 m³ ou 1 m³ que van estar por riba de menos 100% e como dicía que antes non o entendía vou volver dicirlle que estes últimos son dous grupos moi concretos: as vivendas de fin de semana e as vivendas pechadas que se están usando para especular. Quen sofre e lle aumenta o recibo? Todas as familias que viven nos seus domicilios.

Cando antes lle dicíamos que estas dúas facturas reais dunha familia de Vigo co canon incrementan un 6%, dicíamos que escollemos unha factura de 15 m³ ao mes. Cando falamos deses 15 m³ era a relación que vostedes usaron no seu estudo para aumentar o canon da Xunta.

Alguén do seu partido dicía: "O importante é chegar atopar unha fórmula que sexa viable para a auga. Na actualidade todos os usuarios do servizo da auga pagan como mínimo o recibo correspondente a un consumo de 30 m³. Se os estudos dos técnicos nos din que é posible, negociaremos o novo sistema coa concesionaria. Se non somos capaces de ofrecerlle á empresa unha fórmula que garanta ese

equilibrio, teremos que manter o sistema". Sr. Bernárdez, foi o Sr. Figueroa quen dixo isto cando formou parte do goberno da cidade no ano 2005. Ao Sr. Figueroa non lle gustou moito a súa intervención, por iso meteu outra moción polo medio e tivo que facer puntualizacións.

Señores do Partido Popular, os xornais reflicten que semella que os únicos "chanchullos" que existen aquí coas empresas subministradoras son de seu. Como lle dicía antes foi o fundador do Partido Popular, D. Miguel Angel Álvarez, quen denunciou que o Partido Popular de Vigo usaba 50 millóns de pesetas para pagar facturas da campaña electoral do Partido Popular do ano 1995 a través da Aqualia, cando o Sr. Figueroa era concelleiro. Está moi claro que os que fixeron os "chanchullos" foron vostedes e non nós.

En canto ás vacacións este goberno poucas porque constantemente estamos aquí ao pé do canon e o estudo, como xa puido ler nos días anteriores nos medios de comunicación, leva meses encargado.

Por suposto que nós nos reunimos coas concesionarias para lles esixir. Nos orzamentos do ano pasado se lles esixiu ás concesionarias que axustasen os seus custes e todas elas renunciaron ao IPC e baixaron os seus importes.

Cando vostedes gobernaban chegaron a acordos non transparentes porque non repercutiron na cidade.

Recoméndolles aos señores do Partido Popular que veñan vivir en Vigo e así poderían ver que na Xunta de Goberno se aprobaron proxectos do convenio de Aqualia como o da rúa Loureiro, rúa López Mora, Enrique Lorenzo, etc.

Tamén lles dicimos aos señores do Partido Popular tal e como lles dixemos antes que o que se leva pagando durante moitos anos á Xunta de Galicia, 4 millóns de euros ao ano, agora con este canon van ser 7 millóns e medio, case o dobre. Onde están na cidade eses 4 millóns que pagamos durante os dez últimos anos, ese total de 40 millóns? Si sabemos onde están porque a Xunta de Galicia gasta 10 millóns de euros en asesorías, Augas de Galicia gasta 10 millóns de euros en asesorías, 10 millóns de euros de diñeiro para infraestruturas hidráulicas das viguesas e dos vigueses.

Pedímoslles aos señores do Partido Popular que non tenten diluír nin encubrir a subida da auga que está sendo do 6% e o mes que ven será do 8% pola subida do IVE.

SR. BERNÁRDEZ DE DIOS: Sr. Regades, eu non son pedagogo, son un modesto concelleiro que estudo os temas que me toca debater e os que estudo e debato trato de facelo con coherencia e responsabilidade que é o mínimo que me poden esixir os cidadáns.

Nos cinco minutos que empregou na súa intervención, falou nalgún momento do que tiña que falar? Non lle escoitei nin palabra sobre en que trámite está agora mesmo a modificación do recibo da auga. En cinco minutos non dixo nin unha palabra da modificación do recibo da auga. Volveu atrás, volveu ao ano 95, teñen unha mirada permanentemente retrospectiva do que aconteceu hai uns anos. Eu estou vivindo o presente nesta cidade. Vivo na cidade dende hai 50 anos que son os que teño e tampouco teño por que controlar o censo.

O que resulta rechamante e lamentable é que vostedes digan que se reúnen coas concesionarias. Pero é que non se reúnen para traballar. Reúnense coas concesionarias Aqualia, Vitrasa, Cespa, con todas as concesionarias desta cidade para lles remitir listados de persoas próximas ao Partido Socialista para que lles dean emprego. Eses son os plans de emprego que teñen neste Concello, esa é a realidade. Non se preocupan de resolver os problemas aos cidadáns.

Pregúntolle novamente, Sr. Regades, que obras de Aqualia se acometeron na cidade das que reflectían os técnicos municipais nos seus informes na época da modificación, hai uns meses? Quéreme dicir se se está acometendo algunha desas obras?

Como poden mentir desta maneira? Vexetaron politicamente estes tres meses, non moveron nin un papel cando o cidadán está agardando a que se modifique o recibo da auga.

Sr. Domínguez Oliveira, sexamos coherentes porque o canon xa se aplicaba, chamábase canon de saneamento pero se está modificando por mor dunha Directiva europea.

Quen di que non sobe os impostos é o goberno socialista que non goberna en maioría, que en canto se aproben as ordenanzas e as taxas, de se aprobaren, a presión fiscal que imos ter os vigueses en cinco anos vai superar o 14%.

A PRESIDENCIA: Debo dicirlle que o Sr. Regades si fixo un listado de obras que se

iniciaron a cargo de Aqualia e consta en acta; escoitámolo todos.

(Está ausente a concelleira do Grupo Socialista, Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo Popular, Sr. Bernárdez de Dios, instando ao Goberno municipal a iniciar de inmediato os trámites de modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas dos servizos de auga e saneamento, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

4.3.-(168).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A ESIXIR Á CONCESIONARIA DO AUDITORIO MAR DE VIGO A QUE O DOTE DE EQUIPAMENTO ESCÉNICO. REX. 518/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 30 de agosto, número 518/1101, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Relova Quinteiro, formula a seguinte moción:

“Hai máis dun ano e medio que se inaugurou o Auditorio Mar de Vigo sen os seus elementos máis básicos para o equipamento escénico e elementos de infraestrutura para o normal desenvolvemento de actividades culturais.

Por todo isto, o Grupo municipal do Partido Popular somete a consideración do Pleno a aprobación do seguinte acordo:

Instar ao Goberno que esixa á concesionaria do Auditorio Mar de Vigo a que se dote de equipamento escénico”.

A comisión informativa de Política Social, Cultura e Deportes, na súa sesión do 3 de setembro, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. RELOVA QUINTEIRO: Aristóteles dixo que a tarefa básica do retórico era descubrir os mellores medios de persuasión.

Nesta moción que hoxe presentamos, o Grupo municipal do Partido Popular intenta utilizar no máis puro sentido a palabra persuasión para convencer ao goberno municipal da imperiosa necesidade de rematar de verdade as obras no Auditorio “Mar de Vigo”.

O goberno municipal ignora o mandato constitucional do artigo 44.1 que di: “Os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura á que todos teñen dereito”, xa que xustifica e semella que o investimento no Auditorio baséase exclusivamente na rendibilidade económica da área comercial e de turismo de congresos e negocios, esquecendo nese “todos” aos 500.000 habitantes da Área Metropolitana de Vigo, aos que só considera como axentes de valor económico con capacidade de compra e non como persoas con dereito á promoción e tutela do seu acceso á cultura, esquecendo que a cultura é tamén un elemento multiplicador do investimento.

A idea inicial era a procura de converter o Auditorio nun fito urbano da cidade que o acolle, como xa o son o Kursaal en San Sebastián ou o pazo Euskalduna en Bilbao. Precisamente cito os dous mellores auditorios construídos ultimamente en España e se o obxectivo é que o de Vigo resulte un fito urbano como o son estes, por que se reduciron as súas dimensións e prestacións e por que aínda non se conta cun equipamento escénico ou cos elementos básicos de luz ou son, ou o máis dramático, coa cuncha acústica indispensable como alma desta gran sala do edificio. Ou o problema do foso orquestral que curiosamente é o secreto mellor gardado, ninguén o veu e logo dun ano e medio xamais se utilizou. Tampouco se sabe do uso dunha sala cedida por completo no Auditorio para o uso do Concello que de momento xamais se utilizou.

Como cidadáns tamén debemos coñecer a que uso e con que criterio se destinan os trinta días que ten concedidos o Concello para as súas actividades.

O orzamento inicial para o equipamento escénico era de 5 millóns de euros, finalmente rebaixouse a 3 millóns pero aínda non se investiron, non sabemos á espera de que. Nin tampouco a cidadanía estupefacta pode entender como se pode ampliar a prórroga á concesionaria con 5 millóns de euros.

Eu que teño xa os meus anos non verei nunca un auditorio público nesta cidade e un mozo que nestes momentos teña 18 anos terá que agardar a ter 78 anos para coñecer o que é un auditorio público nesta cidade. En troques si poderemos ir os

dous a urxencias dun hospital público.

O Auditorio “Mar de Vigo” pode converterse na icona dunha cidade moderna do século XXI cos seus contidos, coa súa arquitectura.

O alcalde no seu afán de protagonismo e electoralismo gratuito inaugurou un Auditorio só para a foto e poñer unha placa, a máis cara de toda a historia de Vigo, esquecendo que o goberno de Alberto Núñez Feijóo achegou 25 millóns de euros na construción do Auditorio “Mar de Vigo”. Agora nin lle importa o Auditorio, nin lle importa o seu futuro. Lembrará o Auditorio dentro de tres anos e medio na campaña electoral? Digo isto porque o Sr. López Font nos aventurou que vai presentarse no 2015, no 2018 e no 2022, co que sempre estará o Auditorio para o utilizar en posteriores campañas electorais.

Lamentamos que o novo Auditorio se inaugurase sen os seus órganos vitais, elementos como a cuncha acústica, indispensable para os concertos de música, ou que o foso orquestral pasase converterse nun problema e non na solución. Desaparecen do bo uso e practicamente sen equipamento escénico precipitouse a decisión de inauguralo e agora é demasiado tarde para colgar o cartel de “pechado por reformas”. Pérdese a grande oportunidade dunha necesidade histórica.

O Auditorio “Mar de Vigo” é unha responsabilidade de toda a cidadanía e debemos convertelo nun símbolo de modernidade. Unha vez equipado o Auditorio teremos unha sala de referencia en todo o Estado español, reúne todas as condicións para iso.

Pero un auditorio non sobrevive como estrutura por si só, é necesario e moi importante desenvolver contidos de calidade e atraer ao público. As grandes salas ou museos prestíxianse polos seus contidos: unha programación que contemple todas as tendencias e estilos musicais, actividades pedagóxicas relacionadas coas artes escénicas, programas e ciclos especializados, en definitiva unha programación rendible para a cidade e planificada, creando un circuíto cultural con todos os espazos xa existentes na nosa cidade.

A especialización dos espazos na nosa cidade para o seu uso necesita unha revisión urxente. O Auditorio “Mar de Vigo” non debe tampouco hipotecar o seu futuro con cesións do seu espazo para contidos alleos á súa actividade. Por que non pensar na sede da futura orquestra sinfónica de Vigo ou xuvenil? Ou en actividades pedagóxicas relacionadas co teatro e a música?

Fagamos todos un esforzo pola calidade, pola nosa historia e por Vigo.

SRA. VELOSO RÍOS: O BNG tamén manifestou xa a súa posición sobre a ampliación da prórroga á empresa que xestiona o Auditorio “Mar de Vigo” e sobre esa compensación de 5 millóns de euros que tamén xa dixemos que non tiñamos moi claro de onde ían saír. Ademais tampouco nos parece que realmente sexa a solución porque evidentemente o problema do Auditorio “Mar de Vigo” segue sen se solucionar. Como ben dicía o Sr. Relova o equipamento non está rematado e non se pode utilizar, de feito nin sequera hai programación.

Si hai un auditorio público nesta cidade que é o Auditorio municipal que si se arranxou para se poder utilizar en condicións para distinto tipo de actividades e si tivo unha programación estable durante un tempo. Agora vemos como tamén a programación do Auditorio municipal esmorece, do mesmo xeito que a programación e a dinamización do Auditorio “Mar de Vigo” directamente segue sen aparecer. A realidade é que ata o de agora nunca puidemos observar realmente unha planificación na programación do Auditorio “Mar de Vigo”.

Polo tanto nós imos apoiar esta proposta de que se lle esixa á concesionaria do Auditorio “Mar de Vigo” que se dote de equipamento escénico.

Porén non podemos estar de acordo con todo o que manifestou o Sr. Relova na súa exposición da proposta desta moción.

Evidentemente é interesante a especialización dos equipamentos culturais desta cidade como de calquera outra, non mesturalo todo e de feito neste mesmo Pleno xa falamos do Museo do Mar, no que as actividades que se están desenvolvendo basicamente son puramente mercantís como a explotación dun restaurante, unha tenda de artesanía que se acaba de inaugurar e a realización de concertos, pero que ten bastante pouco que ver co seu obxectivo real. Como diso poderíamos falar doutros lugares non só na nosa cidade, senón tamén do Museo provincial de Pontevedra onde tamén se lle dá prioridade a un restaurante fronte ao seu uso cultural. Esta é a realidade da cultura na nosa cidade e no noso país.

Da mesma maneira que a Xunta de Galicia e o seu presidente, Sr. Núñez Feijóo, insistiu tanto no momento da colocación da placa da inauguración do Auditorio “Mar de Vigo” e agora mesmo despois de poñer 25 millóns de euros da Xunta de Galicia para a construción do Auditorio, nos gustaría que tamén insistise e fíxese

algo por contribuír a que este Auditorio funcione realmente, que estea equipado con todo o que ten que ter para poder desenvolver a súa actividade e que realmente poida contar cunha programación á que tamén evidentemente a administración autonómica pode contribuír. Por favor, iso si, non nos propoñan trasladalo ao Monte Gaiás que é o único sitio onde non vai ver ninguén o que se fai alí pero onde están todos os equipamentos e ademais non precisamente a prezo de ganga, nós preferimos telo onde está. Pero tamén nos gustaría que todo o mundo contribuíse a que o Auditorio “Mar de Vigo” funcionase como merece esta cidade porque desgraciadamente non o está facendo.

Tamén imos insistir por unha banda en que non estamos de acordo con que se prorrogue o contrato e, en todo caso, primeiro a concesionaria ten que cumprir cos seus compromisos e obrigas, entre elas a dotación de equipamento escénico.

SR. LÓPEZ FONT: Sr. Relova, desexa algo máis en canto ao Auditorio? Porque tal e como o presenta vostede estamos no momento de pedir. Pide na moción o equipamento escénico e de seguido fala de moitas outras cousas.

Falou do acceso á cultura. Coido que vostede, Sr. Relova, que é un home da cultura, suspirou durante moitos anos porque nesta cidade houbera un auditorio. Coido que sofre vostede do mesmo síndrome que o resto dos seus compañeiros de grupo porque non poden admitir que cando vostedes deixaron o goberno desta cidade entregaron un solar e hoxe hai un Auditorio. Tería que reflexionar sobre como se deu a concesión dese Auditorio, reflexionar e preguntarlles aos seus compañeiros, sobre todo ao que ten á súa dereita, como se desenvolveu a concesión deste Auditorio e tería que se preguntar vostede coma home da cultura como o que se deu en concesión en 78 millóns máis IVE, ao mes de perder vostedes o goberno custaba 156 millóns de euros. Isto non o inventei eu.

Pero coido que vostede lle debería recoñecer ao alcalde e ao anterior goberno do Sr. Caballero e apoiar o que se realizou para a construción do Auditorio.

No tempo que levamos deste mandato, dende que vostede é concelleiro do Grupo municipal Popular, presentou corenta mocións. Aproximadamente vinte e dúas delas tratan de instar aos demais, de que paguen os demais e xamais instar aos gobernos amigos.

Eu tiña de vostede o concepto de que ao mellor sería o concelleiro orixinal que

precisamente rompería con esa traxectoria que teñen os seus compañeiros, que sería o concelleiro que no tema do acceso á cultura que nos atinxe a todos e do que vostede predica, falase dos 108 millóns que lle custou á Xunta de Galicia o Museo de Gaiás, que lle falase aquí á cidade dos 13,2 millóns de euros que a Xunta de Galicia achega a ese Museo para ter escasamente 375 visitas ao día. Pero non, sempre teñen que pagar os demais e nunca hai unha política discriminatoria pola parte do seu goberno.

O Auditorio, Sr. Relova, ten as dúas imaxes que tanto lles molestan a vostedes. Para que a lembre, móstrolle a imaxe de como o deixaron vostedes e móstrolle tamén a outra imaxe de como conseguiu o Sr. Caballero que quedara logo de escasamente tres anos e medio, maximo que para o deleite e satisfacción dunha persoa da cultura como é vostede.

Nós estamos de acordo coa súa moción, de acordo en trasladarlle á concesionaria que se dote ao Auditorio do equipamento escénico, pero que saiba vostede, que xa o sabe, que todo o relacionado co Auditorio foi un despropósito por parte do goberno que sacou a concesión e conviría que, tanto en programación como en dotación, se lle puidese ver un detalle aos concelleiros do Partido Popular á hora de pedir que a Xunta de Galicia e a Deputación provincial de Pontevedra axudasen a esta cidade. Pero aínda que tiña unha última esperanza en vostede, xa vexo que non vai poder ser.

As contas do Gaiás, como ben din os xornais, están maquilladas cos propios fondos da Xunta de Galicia que fai unha achega ao Museo pagando os alugueres e, como dicía antes, unha achega de 13,2 millóns de euros. Acolléndome ao que dixo antes o Sr. Fidalgo sobre que son concelleiros do Concello de Vigo, non lles vin actuar nin neste ano, nin nos catro anteriores a ningún de vostedes como concelleiros do Concello de Vigo. Ogallá esas actuacións tan reivindicativas que teñen en todo as tiveron tamén co seu goberno, con eses gobernos amigos de Núñez Feijóo e do Sr. Rajoy que polo que eles fan e polo que os encobren vostedes son gobernos inimigos da cidade, coma o é o Sr. Figueroa non conseguindo nin unha soa pernoctación ao paso da Volta Ciclista pola nosa provincia.

SR. RELOVA QUINTEIRO: Estou encantado de seguir sendo un concelleiro máis entre os trece orixinais, exemplares e traballadores do meu partido, do Grupo municipal

do Partido Popular.

Os únicos que se axeonllaron e enganaron á cidadanía foron vostedes porque dixeron que non tocaba pedir cando hai 5 millóns para a ampliación da prórroga. Se hai 5 millóns de euros, en que momento se lle pode pedir á cidadanía que entenda que o Auditorio... Vostedes si que se axeonllaron diante da concesionaria.

Coido que se inventaron as siglas dun novo partido: os TCFDFR, todos contra Feijóo, Deputación, Figueroa e Rajoy. Eu vouno facer máis sinxelo en dúas siglas: “Estamos amolados” porque é así como vostedes se atopan.

Voulle dar un consello en canto á defensa que fai sempre do alcalde: cando coroaban aos césares en Roma había unha persoa que lles dicía sempre unha frase: “Lembra que só es un home”. Cando se nomea ao Sr. Alcalde, César de Roma, pola cidade e polas asociacións veciñais deberíanllo lembrar e non tanto facer de amigo que lle dá palmadas nas costas.

A miña intención era totalmente pura, sa e nada irónica. Fíxense que eu me baixei moitos artigos sobre a acústica nas salas e deles gustoume moito un dunha guía básica para os arquitectos que fala dos aspectos históricos do que é unha acústica. A acústica nace na caverna dos homes primitivos na que se oen e resoan os sons e por iso a intuición do home é mellorar esa reverberación, ese eco. Digo isto para que se saiba que logo dos millóns e millóns de euros que custou, convertemos o Auditorio “Mar de Vigo” na caverna primitiva, ao igual que Vigo se está convertendo nunha aldea illada polos caprichos.

Calquera persoa cunha mínima capacidade auditiva sabe que un auditorio debe reaccionar fronte aos sinais de interese como un instrumento musical o faría realizando e prolongando un son orixinal. Sigo con esta guía. Non se debe confundir o eco coa reverberación, o eco é a precisa e altamente indesexable repetición do sinal orixinal. Cando non hai amplificación no Auditorio “Mar de Vigo” moitas das persoas que están na parte de enriba non escoitan, na zona central hai partes xordas, etc.

Pero que máis dá, que lle importa ao goberno? Que lle pode importar a cultura, o auditorio, a cuncha acústica cando as persoas que viven na cultura e sobreviven nela nesta cidade viron como se contratou un concerto para as festas de máis de 250.000 euros, non se deu ningún tipo de explicación, saltáronse as regras do xogo coas persoas que viven e traballan aquí pola xestión e pola empresa cultural? De

verdade, que lles importa a vostedes? E iso de que “*veñen polo bocadillo*”. Síntoo moito.

(Está ausente a concelleira do Grupo Socialista, Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo Popular, Sr. Relova Quinteiro, instando ao Goberno municipal a esixir á concesionaria do Auditorio Mar de Vigo a que o dote de equipamento escénico, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

4.A. MOCIÓNS URXENTES

Non se presentaron.

5.- FORMULACIÓN DE ROGOS.

6.- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

Non se formularon rogos nin preguntas.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás doce horas e nove minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv/rs.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.

